



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 43
10 de novembro de 2020



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4631) [14793](#)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4633) [14800](#)

■ Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4628) [14824](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4634) [14859](#)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 4635) [14894](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (doc. núm. 2624, 11/PL-000003) [14791](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia (doc. núm. 2625, 11/PL-000004) [14791](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación sen modificacións

■ 1897 (11/PNC-000196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impulso da infraestrutura denominada «saída sur de Vigo» [14792](#)



Rexeitamento da iniciativa

I 3671 (11/PNC-000421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia, como obxectivo estratéxico no novo Plan de vivenda 2021-2025, da redución dos prezos do mercado inmobiliario de alugueiro e o desenvolvemento de todas as medidas que permitan acadar ese obxectivo

[14792](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia e ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 6 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

— Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4631)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4633)

— Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4628)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4634)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 4635)

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (doc. núm. 2624, 11/PL-000003)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4988, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (doc. núm. 2624, 11/PL-000003).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por cuarta vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (doc. núm. 2624, 11/PL-000003), ata o día 11 de novembro de 2020, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Dar conta deste acordo á Xunta de Portavoces.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 9 de novembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia (doc. núm. 2625, 11/PL-000004)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 4973, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia (doc. núm. 2625, 11/PL-000004).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por cuarta vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia (doc. núm. 2625, 11/PL-000004) ata o día 11 de novembro de 2020, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Dar conta deste acordo á Xunta de Portavoces.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 6 de novembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 1897 (11/PNC-000196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impulso da infraestrutura denominada «saída sur de Vigo»

BOPG nº 19, do 22.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o impulso decidido á Saída Sur de Vigo, unha actuación estratéxica que ten acreditada a súa rendibilidade económica e social. Para tal efecto, demandarlle ao Executivo español un cronograma viable e realista para a tramitación e execución desta infraestrutura.»

Rexeitamento da iniciativa

- 3671 (11/PNC-000421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia, como obxectivo estratéxico no novo Plan de vivenda 2021-2025, da redución dos prezos do mercado inmobiliario de alugueiro e o desenvolvemento de todas as medidas que permitan acadar ese obxectivo

BOPG nº 33, do 21.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE PESCA
CONTINENTAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000001).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

“O obxecto desta lei é regular, protexer e fomentar o dereito ao exercicio da pesca continental, a defensa, conservación e mellora dos hábitats e as especies ribeiráns e o ordenado aproveitamento dos recursos piscícolas en todos os cursos e masas de auga continentais situados dentro dos límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galiza. Considérase de interese público o aproveitamento sustentábel da pesca e a conservación dos ecosistemas acuáticos continentais.”

Emenda nº2, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado 1 bis) no artigo 4 co seguinte texto:

"Axente Ambiental: persoa funcionaria que actualmente está representada polos/polas Axentes Forestais e Axentes Facultativos Medioambientais e nun futuro tamén polos/polas Axentes Técnicos en Xestión Medioambiental, dependente dun órgano superior ou de dirección da Administración Xeral da Xunta de Galicia, da correspondente escala do corpo de funcionarios e funcionarias, que no exercicio das súas funcións, terá condición de axente da autoridade e que, de acordo coa lexislación aplicable de carácter xeral e específico, encargárase de velar polo cumprimento dos preceptos establecidos na Lei de pesca fluvial e nos seus regulamentos, e de denunciar as infraccións que contra os devanditos preceptos se produzan, sen prexuízo das súas funcións que coma policía xudicial en sentido xenérico lle atribúe o punto 6 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal."



Emenda nº3, ao apartado 36 bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado 36 bis) no artigo 4 co seguinte texto:

“36 bis) Pesca: Aproveitamento dos recursos piscícolas, sexan estes peixes ou outros seres acuáticos declarados pescables, que se desenvolve mediante a acción de pescar. A pesca e a xestión dos recursos piscícolas realizarase de xeito ordenado e compatible coa conservación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos e atendendo á sustentabilidade dos recursos naturais.”

Emenda nº4, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 11

Substituír o primeiro parágrafo do apartado 1 do artigo 11 polo seguinte texto:

“1. A Consellaría competente en materia de pesca continental, co fin de fomentar o turismo, poderá outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en masas de auga artificialmente encoradas a entidades ás que se lles determinarán regulamentariamente as súas obrigas.”

Emenda nº5, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 11

Substituír no apartado 1 do artigo 11 o termo: "empresa", por: "entidade".

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

Engadir na primeira liña do apartado 1 do artigo 12 despois de "...preceptivo...", o seguinte texto: "...e determinante...".

Emenda nº7, ao apartado 8, de Adición. Artigo 12



Engadir un novo apartado no artigo 12, que sería o 8, co seguinte texto:

"8. Requerirase informe preceptivo e determinante por parte da Consellaría competente en materia de pesca continental para as autorizacións de plantacións e reforestacións en zona de servidume e policía de augas."

Emenda nº8, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 19, relativo á exención de licenzas de pesca continental en determinados establecementos.

Emenda nº9, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 31

Suprimir o apartado 2 do artigo 31.

Emenda nº10, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 33

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 33 polo seguinte texto:

"2. A Consellaría competente en materia de pesca continental promoverá a erradicación das especies exóticas invasoras das augas continentais galegas, podendo adoptar medidas de xestión específicas para facilitar o seu control e no seu caso a súa captura."

Emenda nº11, ao apartado 1.o), de Adición. Artigo 35

Engadir ao final do subapartado o) do apartado 1 do artigo 35 o seguinte texto:

"o) As modalidades de pesca que impliquen camiñar polo interior dos leitos dos ríos e regatos cando estes teñan menos de 4 metros de ancho."



Emenda nº12, ao apartado 2.d), de Supresión. Artigo 41

Suprimir o subapartado d) do apartado 2 do artigo 41 relativo ás augas de pesaca de aproveitamento privado.

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 47

Suprimir o artigo 47.

Emenda nº14, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 60

Engadir un novo punto 1 bis) no artigo 60, co seguinte texto:

"1 bis) A Consellaría competente en materia de pesca continental realizará un inventario e procederá á delimitación e sinalización dos desovadoiros, para a súa protección e conservación."

Emenda nº15, de Adición. Novo CAPÍTULO I BIS)

Engadir un novo CAPÍTULO I BIS) coa seguinte denominación e con dous artigos 60 bis) e 60 ter):

"CAPÍTULO I BIS) Protección e mellora do hábitat fluvial e conservación da poboación piscícola

60 bis) Conservación da vexetación autóctona en zonas de servidume e policía de augas e aumento da resiliencia climática das marxes.

1. Declárase de interese xeral a conservación das formacións vexetais ripícolas así como as accións de recuperación e mellora da coberteira arbórea, arbustiva e herbácea das marxes de ríos e lagos.

2.Co obxectivo de mellorar a función dos nosos ríos e regatos coma corredores ecolóxicos e coma zonas de alimentación e de refuxio de especies protexidas e non protexidas, deberanse prohibir as novas plantacións de especies alóctonas e en especial de eucaliptos e piñeiros nas zonas de servidume, na



de policía de augas e no DPH. As plantacións autorizadas ata a data de entrada en vigor da nova norma disporán de autorización ata o aproveitamento por corta da plantación non podendo utilizar de novo a mesma especie alóctona para reforestar dentro dos 100m de policía a carón dos regatos e ríos.

60 ter) Permeabilización de barreiras

1. A consellería competente en materia de pesca fluvial promoverá a permeabilización dos azudes, tostas ou barreiras que poidan interferir nas migracións da fauna ictícola.
2. As actuacións de eliminación total ou parcial destas barreiras levaranse a cabo baixo un plan de prescricións técnicas en cada caso."

Emenda nº16, de Substitución. Artigo 66

Substituír o texto do artigo 66 polo seguinte:

"Artigo 66. O control e a policía das augas continentais:

1. Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e malia as demais misións que desempeñen, os/as Axentes Ambientais dependentes da Consellería competente na materia obxecto desta Lei, encargaranse especificamente e coma único corpo funcional da administración autonómica, da custodia e policía dos recursos ictícolas e dos seus habitats e de velar polo cumprimento dos preceptos establecidos na Lei de pesca fluvial e dos seus regulamentos, e de denunciar as infraccións que contra os devanditos preceptos se produzan, tendo, para tales efectos, a consideración de axentes da autoridade sen prexuízo das súas funcións coma policía xudicial en sentido xenérico que lle atribúe o punto 6 do artigo 283 da Lei de axuízamento criminal.
2. Os feitos constatados polos/as Axentes Ambientais, e que se formalicen en documento público que recolla os requisitos legais pertinentes, terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan sinalar ou presentar os propios administrados.
3. Para o cumprimento das súas funcións, e sempre que as circunstancias de cada caso o aconsellen, os/as Axentes Ambientais solicitarán o apoio necesario das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou de calquera outro corpo que teña funcións de policía e custodia dos recursos ictícolas e dos seus habitats.



4. Para loitar contra do furtivismo nas augas continentais, de desembocadura ou marítimas de ser o caso e concretamente no control e policía da pesca profesional de especies coma a anguía e a lamprea, a Consellería competente na materia obxecto desta lei creará grupos especializados en antifurtivismo ictícola formados por Axentes Ambientais; para elo dotará a estes axentes da formación e dos medios necesarios para levar a cabo este fin, e xestionará a dotación dunha licencia profesional de embarcación específica para levar a cabo os seus labores de vixilancia e policía nas augas da súa competencia.

5. Os/as Axentes Ambientais poderán ordenar a inspección de locais públicos co obxecto de facer as comprobacións oportunas sobre a procedencia de especies ictícolas, posesión de guías, documentos de compra e calquera outro acreditativo daqueles extremos, quedando os/as titulares de ditos locais obrigados/as a facilitaren as inspeccións. Como ferramenta de control, preventiva, de policía e de detección de especies ictícolas ilegalmente: pescadas, transportadas, almacenadas e comercializadas, poderase xestionar por parte da Consellería competente na materia obxecto desta Lei a creación de unidades caninas de detección de especies ictícolas tanto no medio natural coma en lugares públicos (bnaves, restaurantes, bares...), vehículos, etc."

Emenda nº17, ao apartado 3, de Adición. Artigo 71

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. As infraccións que provoquen agresións con deterioro do medio natural, sen prexuízo da sanción pertinente, levan consigo a obriga de restaurar o medio natural ó estado anterior á comisión da infracción. Esta obriga non prescribe."

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/11/2020 17:33:09





Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2020 17:33:21



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE PESCA
CONTINENTAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000001).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Propoñemos unha nova redacción para o artigo 1, que terá o seguinte contido:

"Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto desta lei é garantir a conservación dos ecosistemas acuáticos continentais, así como regular o exercicio da pesca continental e garantir o sostemento das poboacións piscícolas en todos os cursos e tramos de augas continentais situados dentro dos límites territoriais da comunidade autónoma de Galicia."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 2

Débase engadir *in fine* a seguinte frase: "... e na restante normativa de aplicación."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 2

Débase engadir un novo parágrafo bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"En calquera caso a pesca e a xestión das especies pescables realizárase de forma ordenada e compatible coa conservación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos."

Emenda nº4, ao apartado b), de Adición. Artigo 3

Débase engadir *in fine* na letra b) deste artigo, o seguinte texto:



"... incluíndo a paulatina eliminación das árbores foráneas situadas nas marxes e ribeiras fluviais."

Emenda nº5, ao apartado b) bis), de Adición. Artigo 3

Débase engadir unha nova letra b) bis, que terá o seguinte contido:

"b) bis. Coadxugar no control dos vertidos de residuos perigosos, augas residuais ou calquera contaminante que altere a boa calidade das augas ou a fauna acuícola e piscícola."

Emenda nº6, ao apartado e), de Supresión. Artigo 3

Na letra e) deste artigo, débese suprimir a seguinte frase: "... competentes no medio acuático en augas continentais ..."

Emenda nº7, ao apartado h), de Adición. Artigo 3

Na letra h) deste artigo, despois de: "... pesca responsable ...", débese engadir o seguinte: "... e sostible ..."

Emenda nº8, ao apartado 19 bis), de Adición. Artigo 4

Débase engadir un novo punto 19 bis, que terá o seguinte contido:

"19 bis. Escolas de río: son centros nos que se imparte formación e educación teórica e práctica sobre o coñecemento dos ríos, dos ecosistemas acuáticos e, sobre a pesca responsable e sostible."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6



No punto 1, deste artigo, débese engadir in fine no segundo parágrafo, despois de:"... dos terreos obxecto destes.", o seguinte texto: "... nin terán por finalidade a obtención dun lucro ou beneficio empresarial."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...contribuíndo ao necesario financiamento para acadar tales fins."

Emenda nº11, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

No punto 3 deste artigo, no terceiro parágrafo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., e poderán prorrogarse anualmente ata un máximo de sete anos."

Emenda nº12, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

No punto 3 deste artigo débese engadir un novo parágrafo *in fine*, que terá o seguinte contido:

"Deberán de respectarse os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e, como norma xeral, o de concurrencia competitiva."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

No punto 2 deste artigo, *in fine*. onde di:"... o fomento dun turismo ligado á súa práctica.", debe dicir: "o fomento dun turismo sostible ligado á súa práctica."

Emenda nº14, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 11

No segundo parágrafo do punto 1 deste artigo, *in fine*, onde di: "... e o informe preceptivo da Administración hidráulica



competente.", debe dicir: "... e o informe preceptivo da consellaría e da Administración hidráulica competente."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 11

No punto 1 deste artigo, onde di: "1. En prol de fomentar o turismo, a consellaría competente en materia de pesca continental poderá outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en encoros e lagoas", debe dicir: "1. En prol de fomentar o turismo sostible, a consellaría competente en materia de pesca continental poderá outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en encoros e lagoas artificiais ..."

Emenda nº16, ao apartado 1, de Adición. Artigo 11

No terceiro parágrafo do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e poderán prorrogarse anualmente ata un máximo de sete anos."

Emenda nº17, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 11

Débese engadir un novo punto 3 bis, que terá o seguinte contido:

"3 bis. "As concesións e permisos de aproveitamentos piscícolas non poderán ter unha finalidade lucrativa e serán públicas a través da súa inclusión no Rexistro de Entidades Colaboradoras de Pesca Continental."

Emenda nº18, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 12

No punto 1 deste artigo, *ab initio*, onde di: "Requirirase un informe preceptivo, ...", debe dicir: "Requirirase un informe preceptivo e vinculante ..."

Emenda nº19, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12



No punto 2 deste artigo, primeiro parágrafo, onde di: "... ou informe preceptivo da consellaría ...", debe dicir: "... ou informe preceptivo e vinculante da consellaría ..."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

No punto 2 deste artigo, segundo parágrafo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

Toda variación do caudal dun curso fluvial motivada por calquera tipo de concesión ou aproveitamento hidráulico que implique un aumento súbito do nivel de calado ou do volume de auga debe efectuarse, con carácter xeral, de forma gradual no tempo e activando os mecanismos de aviso necesarios mediante sinais acústicas e luminosas que advirtan suficientemente sobre a apertura de comportas ou o incremento de caudais fluviais por medios artificiais nas zonas de influencia de caída de presas e aproveitamentos hidráulicos, co fin de garantir a seguridade dos pescadores e demais persoas en interacción coas augas continentais e de manter a fauna e a flora, e sen prexuízo das autorizacións que sexan preceptivas."

Emenda nº21, ao apartado 7 bis), de Adición. Artigo 12

Débese engadir un novo punto 7 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"7 bis. As persoas titulares das autorizacións ou concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico deberán instalar sistemas de seguridade advertindo dos distintos tipos de riscos. Esta obriga desenvolverase regulamentariamente."

Emenda nº22, ao apartado 7 ter), de Adición. Artigo 12

Débese engadir un novo punto 7 ter, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"7 ter. Os informes e autorizacións aos que se refiren os puntos 1 e 2 deste artigo, serán emitidos no prazo máximo de dous



meses, entendéndose como negativos senón son resoltos no dito prazo."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 13

Proponse modificar a denominación do artigo 13. Onde di: "Artigo 13. Competicións deportivas oficiais", debe dicir: "Artigo 13. Competicións deportivas oficiais e eventos sociais de pesca"

Emenda nº24, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 13

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A consellaría competente en materia de pesca continental e as súas entidades colaboradoras, previa autorización, poderán organizar e promover eventos sociais de pesca cuxa finalidade sexa a formación, fomento e divulgación da pesca sostible."

Emenda nº25, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 13

Débase engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. A consellería competente en materia de pesca poderá contribuír financeiramente á promoción de competicións e eventos sociais en materia de pesca sostible a través da realización de convenios ou outorgamento de subvencións, de acordo coa normativa vixente."

Emenda nº26, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 14

Débase engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis. Garantírase unha presenza equilibrada de homes e mulleres."



Emenda nº27, ao apartado 1 ter), de Adición. Artigo 14

Débese engadir un novo punto 1 ter, que terá o seguinte contido:

"1 ter. En todo caso formarán parte deste consello representantes da comunidade científica, da conservación da natureza, das asociacións relacionadas coa pesca fluvial; así como representantes das administracións locais de Galicia."

Emenda nº28, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Garantírase unha presenza equilibrada de homes e mulleres."

Emenda nº29, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. En todo caso formarán parte deste consello representantes da comunidade científica, da conservación da natureza, das asociacións relacionadas coa pesca fluvial, así como representantes das administracións locais de Galicia."

Emenda nº30, ao apartado 1, de Adición. Artigo 19

Débese engadir un novo punto 1 bis, que terá o seguinte contido:

"1 bis) A persoa titular dunha licenza de pesca continental ten a obriga de levala no momento de exercer a pesca."

Emenda nº31, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 19



Débase modificar o segundo parágrafo do punto 3 deste artigo que quedará redactado do seguinte xeito:

"A licenza de pesca continental tampouco será necesaria nas escolas de río previstas no artigo 9.3"

Emenda nº32, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 22

Débase engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis. Nos cursos ou tramos de ríos lindeiros con outras comunidades autónomas poderase practicar a pesca coa licenza expedida pola comunidade autónoma respectiva, sempre que, ambas comunidades, teñan establecido os protocolos de colaboración e recipricidade das licenzas segundo o estipulado no artigo 21 desta lei."

Emenda nº33, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 24

No punto 2 deste artigo, onde di: "... menores de idade.", debe dicir: "... menores de catorce anos."

Emenda nº34, ao apartado 2, de Adición. Artigo 29

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: " ... das cales en todo caso darase coñecemento público."

Emenda nº35, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 30

No punto 2 deste artigo, onde di: "... responsabilizaranse do coidado, ...". Debe dicir: "... colaborarán no coidado ..."

Emenda nº36, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 34



No punto 1 deste artigo, débese suprimir a última frase, que di:
"... e nas súas normas de desenvolvemento."

Emenda nº37, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 37

Débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4 bis. A consellaría competente en materia de pesca continental dará coñecemento a través da súa páxina web, de toda a información actualizada a que se refire este artigo."

Emenda nº38, de Adición. Artigo 37

Débese engadir un novo artigo 37 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 37 bis. Alteración de cursos fluviais

1. Prohíbese modificar os leitos e desviar o curso natural das augas públicas sen contar co informe favorable da consellaría competente en materia de pesca continental, independentemente dos outros que sexan precisos.
 2. Queda prohibido desviar o curso natural das augas, encoros e pantanos, dos leitos de derivación e das canles de navegación e rega para o aproveitamento da súa pesca sen o correspondente informe favorable da consellaría competente en materia de pesca continental.
 3. Calquera concesión de extracción de áridos dos ríos deberá contar cun informe favorable da consellaría competente en materia de pesca continental, no que se especifique que a devandita extracción non supón ningún perigo ou obstáculo para o remonte, a desova ou a vida da fauna ictícola."
-

Emenda nº39, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 47

Débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:



"4 bis. En todo caso estes sestablecementos privados de pesca en réxime intensivo deberán cumprir co estipulado no artigo 12.2 desta lei."

Emenda nº40, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 50

No punto 2 deste artigo, onde di: "... deportivos ou sen ánimo de lucro, ...", debe dicir: "... deportivos, sociais e sen ánimo de lucro, ..."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 52

No parágrafo único deste artigo débese engadir *in fine o seguinte texto*: "... e deberán gardar a necesaria coordinación coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia."

Emenda nº42, ao apartado 1.h) bis), de Adición. Artigo 53

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra h) bis, que terá o seguinte contido:
"h) bis. Actuacións para a eliminación gradual das árbores catalogadas como foráneas situadas nas marxes e ribeiras fluviais."

Emenda nº43, ao apartado 1.h) ter), de Adición. Artigo 53

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra h) ter, que terá o seguinte contido:

"h) ter. Actuacións para a eliminación e control dos vertidos de augas ou produtos residuais perigosos para a fauna acuícola e piscícola."

Emenda nº44, ao apartado 1.h) quater), de Adición. Artigo 53





No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra h) quater, que terá o seguinte contido:

"h) quater. Actuacións para a eliminación de barreiras que impidan garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais, naquelas concesións fóra de uso ou concesión caducada."

Emenda nº45, ao apartado 1.h) quinquies), de Adición. Artigo 53

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra h) quintus, que terá o seguinte contido:

"h) quintus. Medidas concretas e temporalizadas a levar a cabo desde a Xunta de Galicia en relación cos puntos anteriores, coas súas previsións financeiras e orzamentarias correspondentes."

Emenda nº46, ao apartado 3, de Adición. Artigo 54

No punto 3 deste artigo débese engadir logo de: "... do 20 de xullo, ..." a seguinte expresión: "... das administracións locais de Galicia ..."

Emenda nº47, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 54

No punto 3 deste artigo, onde di: "... Este informe deberano emitir no prazo máximo de vinte días, ...", debe dicir: "... Este informe deberano emitir no prazo máximo de trinta días hábiles ..."

Emenda nº48, ao apartado 4, de Adición. Artigo 54

No punto 4 deste artigo, débese engadir in fine o seguinte texto: "... . Previamente á súa aprobación será tramitado de acordo co artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia."



Emenda nº49, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 54

Débese engadir un novo punto 4 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"4 bis. A consellaría competente en materia de pesca continental realizará un informe dando conta do cumprimento do plan, o cal farase público a través da páxina de transparencia da Xunta de Galicia durante o primeiro trimestre do ano e referido ao exercicio anterior, este informe detallará as actuacións recollidas nos artigos 8 e 13 desta lei."

Emenda nº50, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 55

Débese engadir un novo punto 3 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"3 bis. Regulamentariamente establecerase a participación das administracións locais afectadas no procedemento de aprobación destes plans técnicos."

Emenda nº51, ao apartado 2, de Adición. Artigo 56

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte expresión: "... e cun límite de dez anos."

Emenda nº52, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 57

No punto 3 deste artigo, onde di: "... . Igualmente, solicitarase un informe a aquelas consellarías ...", debe dicir: Igualmente, solicitarase un informe preceptivo e vinculante a aquelas consellarías ..."

Emenda nº53, de Adición. Artigo 57



Débese engadir un novo artigo 57 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 57 bis: "Estado sanitario dos recursos pesqueiros continentais

1. Corresponde á Xunta de Galicia velar polo bo estado sanitario dos recursos piscícolas das augas continentais de Galicia.
2. Con tal fin implementaranse programas de control e vixilancia sanitaria das instalacións de produción acuícola e daquelas outras actividades que poidan poñer en risco o bo estado sanitario dos recursos piscícolas das augas continentais de Galicia.
3. Se dos programas de vixilancia e control sanitario se derivase a existencia de riscos, deberá prohibirse, de maneira temporal, total ou parcialmente, o aproveitamento de determinadas especies piscícolas pescables."

Emenda nº54, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 59

No punto 2 deste artigo, onde di: ".. oído o Consello Galego de Pesca Continental, ...", debe dicir: "... oído previamente o Consello Galego de Pesca Continental ..."

Emenda nº55, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 60

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A consellaría competente en materia de pesca continental catalogará nos inventarios piscícolas regulados no artigo 56 desta lei, os desovadoiros, co obxecto de protexelos, conservalos e melloralos."

Emenda nº56, ao apartado 1, de Adición. Artigo 63

Débese engadir un capítulo II bis, dentro do título III, que terá o seguinte contido:



"Capítulo II bis. Medidas de protección dos ecosistemas acuáticos"

Emenda nº57, de Adición. Artigo 63

Débase engadir un novo artigo 63 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 63 bis. Obstáculos naturais

A consellaría competente en materia de pesca continental poderá acordar a eliminación dos obstáculos naturais ou a súa modificación para facilitar a circulación dos peixes ao longo dos cursos de auga competencia da Comunidade Autónoma, especialmente nos ríos con salmón e reos, e cando iso non sexa posible, o emprego dos medios substitutivos que aseguren o ciclo biolóxico das especies piscícolas nos distintos tramos do río."

Emenda nº58, de Adición. Artigo 63

Débase engadir un novo artigo 63 ter, que terá o seguinte contido:

" Artigo 63 ter. Aproveitamentos hidráulicos

1. Requirirase informe preceptivo da consellaría competente en materia de pesca continental para o outorgamento de autorizacións ou concesións pola Administración hidráulica que poidan afectar ás especies piscícolas ou ao ecosistema fluvial. As concesións de aproveitamento hidráulico deberán respectar en todo momento o caudal ecolóxico necesario para facilitar o normal desenvolvemento das poboacións piscícolas. Nos procedementos que se substancien para a súa determinación polo organismo de conca competente, solicitaranse os informes necesarios da consellaría competente en materia de pesca continental. Este caudal terá en conta igualmente o necesario para permitir o remonte do obstáculo vinculado á concesión, de existir, así como o descenso de forma segura e eficaz.



2. Toda variación do caudal do curso fluvial motivada por calquera tipo de aproveitamento hidráulico realizarase paulatinamente. Establecerase na zona de influencia de caída de presas, encoros e aproveitamentos hidráulicos a obrigatoriedade de instalar sinais acústicas ou luminosas que advirtan suficientemente sobre a apertura de comportas ou o incremento de caudais fluviais por medios artificiais.

3. As persoas propietarias dos terreos comprendidos na zona de servidume de uso público deberán permitir o paso dos pescadores por estes terreos nos termos establecidos na normativa vixente en materia de augas."

Emenda nº59, de Adición. Artigo 63

Débese engadir un novo artigo 63 quater, que terá o seguinte contido:

"Artigo 63 quater. Instrumentos de planificación hidrolóxica
A Consellería competente en materia de pesca continental informará preceptivamente os instrumentos de planificación hidrolóxica nos que se contemplan os obxectivos de calidade das masas de auga continentais da comunidade autónoma de Galicia."

Emenda nº60, de Adición. Artigo 63

Débese engadir un novo artigo 63 quintus, que terá o seguinte contido:

"Artigo 63 quintus. Instrumentos de planificación hidrolóxica

Queda prohibido calquera tipo de vertido de residuos perigosos para a fauna acuícola ou de augas ou produtos residuais que poidan prexudicar á fauna piscícola. A tal efecto, os vertidos axustaranse aos parámetros mínimos de calidade para a riqueza piscícola que se determinen regulamentariamente."

Emenda nº61, de Adición. Artigo 63

Débese engadir un novo artigo 63 sextus, que terá o seguinte contido:





"Artigo 63 sextus. Pasos, escalas e sistemas de interceptación de fauna piscícola.

1. Todas as presas e proxectos que contemplan a instalación dunha obra transversal no leito, co obxecto de facilitar as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais deberán presentar:

a) O estudo de avaliación do impacto ambiental, no seu caso.

b) A previsión da pertinente escala, paso, esclusa ou calquera outro dispositivo que permita o seu remonte para especies migratorias. Igualmente disporase dun sistema de descenso que permita as migracións augas abaixo, deseñado conxuntamente e de forma coherente cos dispositivos que impidan a entrada nas derivacións.

c) O mantemento en todo tempo do caudal ecolóxico que verterá pola escala ou polo paso necesario para asegurar o movemento natural das especies.

d) Dispositivos que eviten a entrada dos peixes nas instalacións de derivación.

Os organismos hidráulicos non autorizarán as obras ou traballos a realizar nas masas de auga da comunidade autónoma de Galicia que incumpran o anteriormente establecido, agás cando se xustifique axeitadamente a imposibilidade da súa realización, deben de solicitar informe previo á consellaría competente en materia de pesca continental. Os dispositivos deberán permitir tanto as migracións ascendentes como as descendentes.

2. Nas presas e diques levantados con anterioridade a esta lei propoñeranse proxectos para adaptar, tanto as presas como os diques, ás esixencias recollidas no parágrafo anterior, pódese recorrer, cando non fose tecnicamente posible, a outras alternativas que garantan o sostemento das poboacións piscícolas e o movemento dos individuos ao longo do leito.

3. En toda instalación de derivación e/ou restitución nos leitos disporase dun dispositivo que evite a entrada da poboación piscícola neles. Deseñaranse e instalaranse conxuntamente co dispositivo de franqueo piscícola de forma que se garantan as migracións ascendentes e descendentes a través dos dispositivos instalados.

Emenda nº62, de Adición. Artigo 63

Débese engadir un novo artigo 63 septimus, que terá o seguinte contido:



"Artigo 63 septimus. Esgotamento de masas de auga

Sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou baleirado dunha masa de auga na que exista poboación ictícola, deberá comunicalo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que deberá notificalo inmediatamente á consellaría competente en materia de pesca continental para que esta estableza as medidas que deberán adoptarse co obxecto de protexer a dita poboación. Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar a mortalidade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e prexuízos ocasionados."

Emenda nº63, de Adición. Artigo 63

Débase engadir un novo artigo 63 octavus, que terá o seguinte contido:

"Artigo 63 octavus. Conservación dos ecosistemas acuáticos

1. Declárase de interese preferente a conservación das formacións vexetais de ribeira e o seu aproveitamento ou modificación requirirá do informe preceptivo da consellaría competente en materia de pesca continental agás que se trate de actuacións menores de mantemento e conservación.
 2. Prohíbese modificar os leitos e desviar o curso natural das augas públicas sen contar co informe pertinente da consellaría competente en materia de pesca continental, independentemente dos outros que sexan precisos.
 3. Queda prohibido desviar o curso natural das augas, encoros ou pantanos, dos leitos de derivación e dos canais de navegación e rego para o aproveitamento da súa pesca sen o correspondente informe da consellaría competente na materia de pesca continental.
 4. Calquera concesión de extracción de áridos dos ríos deberá de contar cun informe da consellaría competente en materia de pesca continental, no que se especifique que a dita extracción non supón ningún perigo ou obstáculo para o remonte, freza ou vida da fauna ictícola."
-



Emenda nº64, ao apartado 2, de Adición. Artigo 64

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e que fosen autorizadas pola consellaría competente en materia de pesca continental."

Emenda nº65, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 69

No punto 1 deste artigo *in fine*, onde di: "... ou por denuncia dunha persoa particular.", debe dicir: "... ou por denuncia da administración ou particular ..."

Emenda nº66, ao apartado 1.ae) bis), de Adición. Artigo 73

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova alínea, ae) bis, que terá o seguinte contido:
"ae bis). Non instalar os correspondente dispositivos de interceptación da fauna piscícola nos canais, acequias e presas de derivación ou desaugue e similares."

Emenda nº67, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 73

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. As infraccións administrativas tipificadas nas alíneas ac) e ad) sancionaranse de conformidade co previsto no artigo 81.2 letra c) da Lei 42/2007, do 13 de decembro."

Emenda nº68, ao apartado 1.g) bis), de Adición. Artigo 74

No punto 1 deste artigo débese engadir unha nova letra g) bis, que terá o seguinte contido:

"g) bis. A non observancia relativa aos pasos e escalas."



Emenda nº69, ao apartado 1.g) ter), de Adición. Artigo 74

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra g) ter, que terá o seguinte contido:

"g) ter. A inobservancia do caudal ecolóxico."

Emenda nº70, ao apartado 1.g) quater), de Adición. Artigo 74

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra g) quater, que terá o seguinte contido:

"g) quater. A obstrución á inspección e control sobre a produción, transporte, almacenamento, tratamento, recuperación e eliminación de residuos tóxicos e perigosos que teñan ou poidan ter incidencias sobre a calidade das augas e biocenosis dos cursos fluviais e masas de augas da comunidade autónoma."

Emenda nº71, ao apartado 1.g) quinquies), de Adición. Artigo 74

No punto 1 deste artigo débese engadir unha nova letra g) quintus, que terá o seguinte contido:

"g) quintus. O falseamento de calquera dato referido ás operacións de produción e xestión de residuos tóxicos e perigosos, así como a negativa a subministrar a información solicitada pola Administración pública competente."

Emenda nº72, ao apartado 1.g) sexies), de Adición. Artigo 74

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova letra g) sextus, que terá o seguinte contido:

"g) sextus. Esgotar ou diminuír notablemente o volume de auga dos encoros e canais, así como a circulante polo leito dos ríos sen autorización, ou o incumprimento das condicións que a estes efectos se fixasen cando deste se deriven danos á riqueza piscícola."



Emenda nº73, ao apartado 1.g) septies), de Adición. Artigo 74

No punto 1 deste artigo débese engadir unha nova letra g) septimus, que terá o seguinte contido:

"g) septimus. Alterar o caudal dunha canle fluvial sen cumprir o establecido no parágrafo terceiro do artigo B (aproveitamentos hidráulicos)."

Emenda nº74, ao apartado b), de Modificación. Artigo 75

Na letra b) deste artigo, onde di: "... multa de 3.001 a 25.000 euros." debe dicir: "... multa de 3.001 a 30.000 euros."

No segundo parágrafo desta letra, onde di: "... non será inferior a seis mil cincocentos euros.", debe dicir: "... non será inferior a doce mil euros."

Emenda nº75, ao apartado c), de Modificación. Artigo 75

Na letra c) deste artigo, onde di: "... multas de 25.001 a 150.000 euros." debe dicir: "... multas de 30.001 a 300.000."

Emenda nº76, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional primeira

No punto 1 desta disposición, onde di: "... no prazo máximo de dezaioito meses, ...", debe dicir: "... no prazo máximo de doce meses, ..."

Emenda nº77, de Adición. Disposición transitoria cuarta

Nesta disposición transitoria, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . En calquera caso, a consellaría competente en materia de pesca continental, no prazo máximo de tres meses,



informará do período máximo no que poderán ser utilizados pesos que conteñan chumbo."

Emenda nº78, de Adición. Disposición transitoria cuarta

Débase engadir unha nova disposición transitoria cuarta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria cuarta bis. Programa de formación de pesca continental

A Xunta de Galicia no prazo máximo de catro meses dende a entrada en vigor desta lei, aprobará e dará a coñecer un programa de formación de pesca continental, no que se incluírán cuestións tales como a previsión do número de escolas de río a constituír, as xornadas educativas a realizar, os obxectivos sobre o número de persoas beneficiarias ou o financiamento a dedicar."

Emenda nº79, de Adición. Disposición transitoria cuarta

Débase engadir unha nova disposición transitoria cuarta ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria cuarta ter. Protección de canles
A Xunta de Galicia velará pola conservación e o fomento da vexetación de ribeira con especies propias destes hábitats, promovendo a repoboación de ribeiras, así como os traballos silvícolas encamiñados á mellora medioambiental deses espazos, aprobando os correspondentes proxectos de actuación que serán declarados de utilidade pública."

Emenda nº80, de Adición. Disposición transitoria quinta

Débase engadir unha disposición transitoria quinta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria quinta bis. Fondo para a xestión da pesca continental
Anualmente, se incluírá nos orzamentos da Comunidade Autónoma a consignación económica necesaria para a





dotación dun fondo para a xestión da pesca continental, no que, ademais das posibles contías derivadas dos artigos 78.1 e 87.5 desta lei, se computarán as cantidades necesarias para levar a cabo as actuacións para a promoción do exercicio da pesca continental e para a conservación e recuperación dos ecosistemas acuáticos, de acordo co recollido nesta lei."

Emenda nº81, de Adición. Disposición transitoria quinta

Débese engadir unha nova disposición transitoria quinta ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria quinta ter. Gratuidade permisos de pesca sen morte
En relación co establecido no artigo 24.2 desta lei, e co obxecto de fomentar a práctica da pesca sen morte, os permisos de pesca serán gratuítos durante un prazo de dous anos, podendo esta medida ser prorrogada anualmente."

Emenda nº82, de Adición. Disposición transitoria sexta

Débese engadir unha nova disposición transitoria ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria ter.

A adaptación das instalacións vinculadas a concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico no relativo aos caudais ecolóxicos e sistemas de interceptación piscícola nas derivacións e restitucións deberá levarse a cabo no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei."

Emenda nº83, de Supresión. Disposición transitoria sexta

Debe suprimirse esta disposición transitoria.

Emenda nº84, de Modificación. Disposición transitoria sexta





No caso de non ser aceptada a emenda de supresión desta disposición transitoria, propónse un novo texto, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria sexta

1. " A obriga de instalación polas persoas titulares das autorizacións ou concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico dos dispositivos de remonte ou outras alternativas que se poidan establecer para garantir as migracións periódicas dos peixes ao longo dos cursos fluviais que establece o artigo 12, serán esixibles a todas as autorización ou concesións.

2. Malia o establecido no punto anterior, establécese un réxime transitorio, de dous anos dende a entrada en vigor desta lei, para as autorizacións ou concesións outorgadas con anterioridade."

Emenda nº85, de Adición. Disposición transitoria sexta

Débase engadir unha nova disposición transitoria sexta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria sexta bis. Necesidades de persoal de vixilancia de pesca fluvial

A consellaría competente en materia de pesca continental, no prazo máximo de cinco meses, levará a cabo un informe, que fará público, ao respecto das necesidades de persoal para asegurar o cumprimento das funcións de vixilancia sobre os aspectos que esta lei recolle, proponendo a realización daquelas actuacións tendentes a satisfacelas e incluíndo, se for o caso, a utilización de vixilancia de pesca fluvial de acordo co establecido no artigo 70 desta lei."

Emenda nº86, de Adición. Disposición derradeira segunda

Débase engadir *in fine* o seguinte texto: "... . A Xunta de Galicia no prazo máximo dun ano aprobará o regulamento de desenvolvemento."





Emenda nº87, de Adición. Disposición derradeira segunda

Débase engadir unha nova disposición derradeira segunda, que terá o seguinte contido:

"Disposición derradeira segunda bis.

A Xunta de Galicia no prazo máximo de dezaoito meses aprobará o Plan galego de ordenación da pesca continental regulado nesta lei."

Emenda nº88, ao apartado II, de Modificación. Exposición de motivos

Na epígrafe II, parágrafo quince que comeza por: "Con respecto aos permisos de pesca, esta lei recolle ..."

Onde di: "... permisos de pesca sen morte para todas as persoas menores de idade ...", debe dicir: "... permisos de pesca sen morte para todas as persoas menores de 14 anos, ..."

Emenda nº89, ao apartado II, de Modificación. Exposición de motivos

Na epígrafe II, último parágrafo, onde di: "Esta lei foi obxecto de consulta pública, de información pública e dunha ampla audiencia.", debe dicir: "Esta lei foi obxecto de consulta pública previa e de información pública."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 02/11/2020 17:37:17



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO
TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000002).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Débese modificar, neste artigo, a seguinte expresión:
Onde di: "... e dentro do necesario respecto ás competencias ...", debe dicir: "... e dentro do obrigado respecto ás competencias ..."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Despois de: "... principios ..." débese engadir a seguinte palabra: "... obxectivos ..."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo parágrafo neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Neste sentido, tamén é obxecto desta lei establecer as determinacións básicas para o funcionamento do Instituto do Estudo do Territorio, en consonancia co que xa fora establecido na lexislación autonómica pertinente e que agora se derroga."

Emenda nº4, ao apartado 2.b), de Modificación. Artigo 2

Na alínea b) do punto 2 deste artigo, segundo parágrafo, onde di: "...a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade...", debe dicir: "...a Estratexia galega de infraestrutura verde, se for o caso, e da conectividade...".





Emenda nº5, ao apartado 2.g), de Adición. Artigo 2

Na alínea g) punto 2, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... garantindo o dereito á igualdade por parte das persoas con discapacidade a través da promoción da autonomía persoal e da accesibilidade universal, erradicando calquera forma de discriminación ao respecto."

Emenda nº6, ao apartado 2.h), de Modificación. Artigo 2

Propónse unha nova redacción para a alínea h) do punto 2 deste artigo.

"h) A publicidade e a garantía de participación da cidadanía nos procedementos de ordenación territorial."

Emenda nº7, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis. Os instrumentos previstos nesta lei son complementarios e non exluíntes dos que respecto da ordenación urbanística do solo se regulan na súa lexislación específica."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 3

Na alínea b), deste artigo, despois de: "... os seus efectos ...", débese engadir: "... sobre a cidadanía e especialmente ..."

Emenda nº9, ao apartado i), de Modificación. Artigo 3

Na línea i) deste artigo débese modificar *ab initio* a seguinte expresión: Onde di: "A conservación e a posta en valor ...",



debe dicir: "A recuperación e conservación e a posta en valor ..."

Emenda nº10, ao apartado o), de Adición. Artigo 3

Na alínea o) deste artigo, débese engadir despois de: "... de xénero ...", a seguinte expresión: "...autonomía persoal e ..."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 5

Despois da expresión "... desenvolvementos existentes ...", débese engadir o seguinte texto: "... compatibles cos obxectivos desta lei ..."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 5

Débese engadir in fine, neste artigo, o seguinte texto:

"... e tendo en consideración os acordos e as determinacións formuladas polo resto de administracións con competencia nestas materias, de acordo ao artigo 11 desta lei."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

Débese engadir *in fine* no punto 2 deste artigo o seguinte texto:

"...e incluírase no deseño, a definición e a execución do planeamento urbanístico cumprindo, cando menos, cos seguintes elementos chave:

- a) A interrelación, proximidade e combinación dos usos para facer confluír as catro esferas da vida cotiá –produtiva, reprodutiva, política e persoal– e outorgarlles o mesmo valor.
- b) A sostibilidade como eixo que, de forma transversal, impregne todo o urbanismo que debe ter coidado do medio: auga, enerxía, contaminación, solo, residuos, medio natural, zonas verdes ou espazos naturais.





- c) Empregar o concepto de cidade cuidadora como modelo urbano, isto é, que o espazo urbano, mobilidade, transporte público, accesibilidade, seguridade, equipamento e deseño das vivendas estean en función das persoas e a vida cotiá.
- d) Garantir o dereito de información da cidadanía e dos colectivos afectados, así como fomentar a participación cidadá en todas as fases, tendo especial coidado de incluír tanto a paridade como a diversidade en todas as vertentes, incluída a participación da infancia. Hai que priorizar criterios inclusivos e favorecer a equidade no acceso ós servizos e infraestruturas urbanas.
- e) O uso da linguaxe inclusiva na redacción dos documentos e a adaptación da linguaxe nos procesos participativos para fomentar a inclusión."
-
-

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 6

No punto 3 deste artigo, onde di: "... procurar o mesmo grao de cohesión social ..." debe dicir: "... procurar o máximo grao de cohesión social ..."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

No punto 3 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... de acordo co resto das administracións de acordo co artigo 11 desta lei ..."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

No punto 2 deste artigo, onde di: "... contribuirá á protección da paisaxe e propoñerá ...", debe dicir: "...contribuirá á recuperación, mellora, valorización e protección da paisaxe e propoñerá ..."



Emenda nº17, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

No segundo parágrafo do punto 1 deste artigo, onde di: "... zonas verdes públicas de maior entidade ...", debe dicir: "... zonas verdes públicas con suficiente entidade, ..."

Emenda nº18, de Modificación. Artigo 10

Onde di: "... participación da iniciativa privada ...", debe dicir: "... participación das iniciativas públicas ou privadas ..."

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 10

Onde di: "... nos termos previstos nesta lei.", debe dicir: "... nos termos previstos na lexislación vixente."

Emenda nº20, de Adición. Artigo 10

Débase engadir un novo parágrafo neste artigo que terá o seguinte contido:

"En calquera caso en relación á ordenación territorial, a actividade urbanística pública corresponde con carácter xeral aos municipios, que exercerán cantas competencias en materia urbanística lle estean expresamente atribuídas ou aquelas que non foran atribuídas a outras administracións."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Adición. Artigo 12

Débase engadir *in fine* no punto 2, o seguinte texto: "e a ser informados sobre as suxestións ou alegacións realizadas."

Emenda nº22, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 12

Na alínea d), do punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:



"... e ser informados sobre as suxestións ou alegacións realizadas."

Emenda nº23, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 13

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

2 bis. En todo caso, calquera dos instrumentos de ordenación territorial contemplados nesta lei será sometido a un período non menor de vinte días de participación cidadá, mediante a exposición pública e audiencia ás entidades locais, previamente á súa aprobación."

Emenda nº24, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 13

No punto 1 deste artigo, onde di: "... empregando mecanismos que fomenten ...", debe dicir: empregando mecanismos que fomenten, garantan e ..."

Emenda nº25, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 13

Débase engadir un novo punto 2 ter, que terá o seguinte contido:

"2 ter. O proceso de participación instrumentarase mediante un plan de participación que se fará público e que deberá conter polo menos: a identificación dos axentes sociais e cidadanía interesada, resúmenes das propostas de ordenación máis importantes para facilitar a difusión e comprensión cidadá, a Memoria de viabilidade e sostibilidade económica, a metodoloxía e ferramentas de difusión e participación, que incluírán tanto sistemas de participación en liña como sesións explicativas sobre o contido da ordenación futura e das alternativas valoradas; e, finalmente, as conclusións valoradas do proceso de participación levado a cabo."

Emenda nº26, de Supresión. Artigo 16



Débese suprimir a alínea d) do punto 1 deste artigo.

Emenda nº27, ao apartado 1.d) bis), de Adición. Artigo 16

Débese engadir unha nova alínea d bis, no punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"d bis) Programas coordinados de actuación."

Emenda nº28, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 16

No punto 2 deste artigo, onde di: "... facilitarán aos encargados da súa redacción ..." debe dicir: "... facilitarán ás persoas encargadas da súa redacción ..."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 16

No segundo parágrafo do punto 2 deste artigo débese suprimir a seguinte expresión: "... por persoas ..."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

No primeiro parágrafo do punto 3 deste artigo, despois da expresión: "... do territorio efectuarana ...", débese engadir: "... equipos interdisciplinarios integrados polos ..."

Emenda nº31, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 16

No segundo parágrafo do punto 3 deste artigo, débese suprimir *in fine* o seguinte texto: "... ou, se é o caso, dispoñer de titulación equivalente que habilite para o exercicio das ditas profesións."



Emenda nº32, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 16

No segundo parágrafo do punto 3 deste artigo, onde di: " ... arquitecto ou arquitecta ou ...", debe dicir: "... arquitecto ou arquitecta, outro"

Emenda nº33, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

No punto 3 deste artigo, despois da palabra: "... xustificadamente ...", débese engadir: "...e en consonancia coas determinacións aprobadas ao respecto polas administracións locais afectadas ..."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 18

No punto 1 deste artigo, onde di: "... de calquera instrumento de ordenación do territorio ...", debe dicir: "... calquera dos instrumentos de ordenación do territorio recollidos no artigo 16.1 desta lei, a ...".

Emenda nº35, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 18

Na alínea a) do punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... ou do número de vivendas orixinais."

Emenda nº36, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 18

Propoñemos unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. Con carácter previo á adopción do acordo de suspensión, darase audiencia ao órgano da Administración pública responsable do inicio do procedemento de elaboración correspondente polo prazo dun mes. No seu caso, os concellos deberán informar das licenzas solicitadas que nas áreas afectadas se verían ou non condicionadas pola suspensión."



Emenda nº37, ao apartado 3, de Adición. Artigo 18

No punto 3 deste artigo despois de "... . Igualmente ...", débese engadir: "... se for o caso..."

Emenda nº38, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir o punto 4 deste artigo.

Emenda nº39, ao apartado 6, de Adición. Artigo 18

No punto 6 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... ou no prazo recollido no correspondente instrumento de ordenación."

Emenda nº40, ao apartado 1.d), de Supresión. Artigo 19

Na alínea d) do punto 1 deste artigo, débese suprimir *ab initio* o seguinte: "Os proxectos de interese autonómico e ..."

Emenda nº41, ao apartado 1.e), de Supresión. Artigo 19

Na alínea e) do punto 1 deste artigo, débese suprimir *in fine* a seguinte frase: "... por solicitude da persoa promotora."

Emenda nº42, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 19

Na alínea b) do punto 2 deste artigo, débese suprimir o seguinte texto: "... e os proxectos de interese autonómico e ..."

Emenda nº43, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

O punto 3 deste artigo débese suprimir.



Emenda nº44, ao apartado 1.g) bis), de Adición. Artigo 21

No punto 1 deste artigo, débese engadir unha nova alínea g) bis, que terá o seguinte contido:
"g) bis. Valoracións dos déficits de equipamentos nos diferentes ámbitos do territorio."

Emenda nº45, ao apartado 1.m), de Adición. Artigo 21

Na alínea m) do punto 1 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... cunha cuantificación das súas necesidades nas diferentes áreas ou zonas do territorio e establecemento dos parámetros a ter en conta polos instrumentos de ordenación urbanística a efectos de asegurar a dispoñibilidade do solo necesario para acadar o dito fin."

Emenda nº46, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto 4 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"4 bis. O borrador das directrices, conxuntamente cos informes e documentos previos que serviron para a súa elaboración, serán remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e poda servir de elemento de referencia con respecto á valoración que realice de acordo co recollido no artigo 51.10 desta lei."

Emenda nº47, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 25

O Punto 1 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº48, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 25





No punto 2 deste artigo, onde di: "... cada tres anos, ...", debe dicir: "... anualmente ..."

Emenda nº49, ao apartado 2, de Adición. Artigo 25

No punto 2 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto:
"... realizada sobre a base dos criterios ou directrices que a Cámara galega previamente aprobe."

Emenda nº50, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A dita memoria será pública na páxina de transparencia do Parlamento de Galicia, abrindo un prazo de tempo non inferior a 20 días para que a cidadanía poda presentar as valoracións ou alegacións que considere oportunas."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo artigo 25 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 25 bis. Consello de Ordenación do Territorio de Galicia

1. O Consello de Ordenación do Territorio de Galicia é o órgano colexiado de tipo representativo e consultivo disposto para a coordinación dos intereses territoriais, públicos e privados, que conflúen no territorio da Comunidade Autónoma, o cal queda adscrito sen dependencia xerárquica á consellería competente en materia de ordenación do territorio.

2. A súa composición asegurará unha presenza institucional que permita a coordinación dos distintos departamentos da Administración da Comunidade Autónoma co resto de administracións públicas con competencias sobre o territorio, e contará con representacións das organizacións máis representativas das entidades locais, empresariais e sindicais, así como con ca participación de asociación e outras entidades





vinculadas á ordenación do territorio e a inclusión de expertos e especialistas nesta materia.

3. A determinación da súa composición, organización e réxime de funcionamento corresponde á Xunta de Galicia, a cal aprobará mediante Decreto.

4. Corresponden ao Consello de Ordenación do Territorio de Galicia, as seguintes competencias:

a) Emitir informe sobre os instrumentos de ordenación territorial elaborados pola Comunidade Autónoma, así como sobre todos os anteprojectos da Administración autonómica que incidan na ordenación do territorio en calquera dos seus aspectos.

b) Emitir informe territorial sobre os plans, programas e proxectos con incidencia territorial.

c) Evacuar as consultas que lle sexan requiridas polo Parlamento de Galicia ou a persoa responsable da consellería en materia de ordenación do territorio.

d) Promover a realización de investigación e reunións científicas, estudos e actuacións de divulgación en materia de ordenación do territorio e, en especial, a formación sobre conceptos e aplicación de impacto territorial.

e) Informar á Comisión Superior de Urbanismo naquelas cuestión que pola súa dimensión ou importancia así o requiran, a solicitude do seu presidente.

5. Na súa composición respectarase o necesario equilibrio de xénero."

Emenda nº52, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. Respectarase en calquera caso as competencias propias que en relación con isto están recollidas para a Área Metropolitana de Vigo, de acordo coa súa lei vixente, así como para aquelas que de ser o caso se puideran constituír."



Emenda nº53, ao apartado j) bis), de Adición. Artigo 27

Débase engadir unha nova alínea j) bis, que terá o seguinte contido:

"j) bis. Estimación ponderada das superficies de solo que se deban reservar con destino a algunha das seguintes finalidades:

- Construción de vivendas de protección oficial, tanto de promoción pública como privada, ou de calquera outra que no futuro puidese ser limitada no seu prezo final mediante regulación específica.

- Promoción pública de solo industrial co obxecto de posibilitala formación de de polígonos urbanizados."

Emenda nº54, ao apartado q) bis), de Adición. Artigo 27

Débase engadir unha nova alínea q) bis, que terá o seguinte contido:

"q) bis. Estudo económico, no que se analice a coherencia entre as normas e actuacións propostas e a dispoñibilidade de recursos."

Emenda nº55, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 31

Propónse unha nova redacción para o punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"2. Cando os plans territoriais integrados incidan sobre plans urbanísticos xa existentes, o acordo de aprobación definitiva daqueles precisará, necesariamente, os puntos concretos nos que estes podan quedar modificados, sen prexuízo de que cos concellos afectados se acorden os procedementos precisos para adaptalos ás determinacións daqueles."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 32

No punto 2 deste artigo onde di: "... poderán formularse plans sectoriais referidos aos seguintes ámbitos ou sectores: ". Debe



dícir: "... poderán formularse plans sectoriais referidos aos ámbitos competenciais da Comunidade Autónoma de Galicia, polo menos aos seguintes ámbitos ou sectores: "

Emenda nº57, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 32

Débase engadir un novo punto 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Conxugaranse as formulacións que para a elaboración destes plans poda contar a súa normativa sectorial específica coas establecidas nesta lei."

Emenda nº58, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 32

O punto 5 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº59, ao apartado 6.a), de Adición. Artigo 32

Na letra a) do punto 6 deste artigo, despois de: "... sinalados no número 2 ...", débese engadir: "... ou aqueles outros que se podan establecer ..."

Emenda nº60, ao apartado 6 bis), de Adición. Artigo 32

Débase engadir un novo punto 6 bis, que terá o seguinte contido:

"6 bis. Respectaranse en calquera caso as competencias propias que ao respecto están recollidas para a Área Metropolitana de Vigo, de acordo a súa lei vixente, así como para aquelas que no seu caso se puideran constituír."

Emenda nº61, ao apartado f), de Supresión. Artigo 34

Na alínea f) deste artigo débese suprimir a seguinte expresión: "... de ser o caso ..."



Emenda nº62, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 35

No punto 2 deste artigo, onde di: "... urbanístico ou o momento ou os prazos nos que os concellos se deberán adaptar ás ditas determinacións.", debe dicir: "... urbanístico concretándose con concellos afectados o momento ou os prazos nos que estes se deberán adaptar ás ditas determinacións."

Emenda nº63, de Supresión. Artigo 36

Debe suprimirse.

Emenda nº64, de Supresión. Sección 4ª

Débese suprimir a sección 4ª do artigo 36.

Emenda nº65, de Supresión. Artigo 37

Debe suprimirse este artigo.

Emenda nº66, ao apartado 1, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión deste artigo propónse a seguinte adición:

Despois de: "... dun interese supramunicipal cualificado:", débese engadir: "... coa correspondente declaración de interese económico ...".

Emenda nº67, ao apartado 1 .c), de Supresión. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese suprimir a alínea c) do punto 1 do artigo 37.



Emenda nº68, ao apartado 2.c), de Supresión. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese suprimir a alínea c) do punto 2.

Emenda nº69, ao apartado 3, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión deste artigo débese engadir *in fine*, na alínea b) do punto 3, o seguinte texto: "... así como cos criterios e obxectivos xerais definidos polos instrumentos urbanísticos municipais que correspondan."

Emenda nº70, ao apartado 5, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión deste artigo, débese engadir *in fine* no punto 5 o seguinte texto:

"... requirindo ser de interese público ou social e para a satisfacción de intereses xerais e non particulares."

Emenda nº71, ao apartado 6, de Adición. Artigo 37

No caso de non aceptar a emenda de supresión deste artigo débese engadir *in fine* do punto 6, o seguinte texto:

"... así como, de ser o caso, a que puidese pertencer a patrimonio público."

Emenda nº72, ao apartado 8, de Adición. Artigo 37

De non aceptar a emenda de supresión deste artigo, débese engadir no punto 8, despois de: "... pola lexislación sectorial ...", débese engadir o seguinte texto: "... e ,de ser o caso, da normativa municipal correspondente ..."



Emenda nº73, de Supresión. Artigo 38

Debe suprimirse este artigo.

Emenda nº74, de Supresión. Artigo 39

Debe suprimirse.

Emenda nº75, ao apartado 2, de Adición. Artigo 39

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese engadir *in fine* no punto 2 o seguinte texto:

"... Os informes dos concellos respecto daquelas competencias urbanísticas municipais, serán preceptivos e determinantes."

Emenda nº76, de Supresión. Artigo 40

Debe suprimirse.

Emenda nº77, de Supresión. Artigo 41

Debe suprimirse.

Emenda nº78, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 41

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, onde di:"... autonómico detallarán as determinacións do plan sectorial que desenvolvan, de ser ...", debe dicir: "... autonómico determinará a adecuación aos plans sectoriais onde se inclúan, de ser ..."

Emenda nº79, de Supresión. Artigo 42



Debe suprimirse.

Emenda nº80, de Supresión. Artigo 43

Debe suprimirse.

Emenda nº81, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 43

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese realizar a seguinte modificación no punto 2. Onde di: "... autonómico poderán desenvolverse en calquera clase de solo ...", debe dicir: "... autonómico desenvolveranse unha vez realizada, no seu caso, a modificación da clasificación do solo que sexa congruente para a súa execución."

Emenda nº82, ao apartado 3, de Adición. Artigo 43

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, propónse a seguinte adición *in fine* no punto 3: "... e logo do informe preceptivo e determinante do concello afectado."

Emenda nº83, de Supresión. Artigo 44

Debe suprimirse.

Emenda nº84, ao apartado 2, de Adición. Artigo 44

No caso de non aceptar a emenda de supresión deste artigo, débese engadir no punto 2, despois de: "... previa declaración de interese autonómico ...", o seguinte texto: "... polo Consello da Xunta de Galicia, que será publicada no Diario Oficial de Galicia. ..."

Emenda nº85, de Supresión. Artigo 45



Debe suprimirse.

Emenda nº86, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 45

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese suprimir o punto 7.

Emenda nº87, de Supresión. Artigo 46

Debe suprimirse.

Emenda nº88, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 46

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese modificar o punto 1, que terá o seguinte contido:
"1. Os proxectos públicos de interese autonómico terán vixencia indefinida e para os proxectos privados de interese autonómico a súa vixencia será fixada polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da consellaría competente na materia de que se trate."

Emenda nº89, de Supresión. Artigo 47

Debe suprimirse.

Emenda nº90, de Supresión. Artigo 48

Debe suprimirse.

Emenda nº91, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 48

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:



"4 bis. No caso de exercer a potestade expropiatoria a favor dunha persoa privada, a persoa beneficiaria deberá xustificar a necesidade de articular tal proceso de expropiación forzosa *en pos* dun interese público manifesto, así como a imposibilidade de poder acudir a outros sistemas previstos para o seu desfrute ou adquisición."

Emenda nº92, de Supresión. Artigo 49

Debe suprimirse.

Emenda nº93, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 49

No caso de non aceptar a emenda de supresión a este artigo, débese modificar o punto 6, onde di: "...poderá declarar a caducidade ..." debe dicir: "... declarará a caducidade ..."

Emenda nº94, de Supresión. Artigo 50

Debe suprimirse este artigo.

Emenda nº95, de Adición. Artigo 50

Débese crear unha nova sección 4ª bis, que terá o seguinte título:
"Sección 4ª bis, programas coordinados de actuación."

Emenda nº96, de Adición. Artigo 50

Débese crear un novo artigo 50 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 50 bis. Funcións dos programas coordinados de actuación.
Son funcións dos programas coordinados de actuación:





- a) Formular un programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das áreas deste, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da comunidade autónoma.
- b) Determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou os organismos responsables da súa execución e, se é o caso, os criterios para establecer os necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ao seu desenvolvemento conxunto."

Emenda nº97, de Adición. Artigo 50

Débese engadir un novo artigo 50 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 50 ter. Documentación e determinacións

1. Os programas coordinados de actuación constarán dos documentos escritos e gráficos necesarios para reflectir o seguinte contido:

- a) Obxectivos que se perseguen na formulación do programa.
- b) Análise dos aspectos sectoriais a que se refiran as súas propostas, formulando un diagnóstico sobre a súa eficacia en relación co sistema xeral de asentamentos residenciais ou produtivos e co medio natural.
- c) Relación e localización das obras e actuacións integradas neles.
- d) Estimación ponderada dos custos das ditas obras e actuacións.
- e) Os recursos, directos ou indirectos, cos que se proxecte financia-las ditas obras e actuacións.
- f) Prioridades para a súa execución e, se é o caso, programación temporal para a iniciación das obras e actuacións incluídas no programa.
- g) Medidas de articulación, se é o caso, entre os programas coordinados de actuación, as directrices de ordenación do territorio e demais instrumentos de ordenación urbanística e do territorio vixentes.
- h) Relación cos plans ou programas de obras dos distintos organismos públicos que interveñen no territorio da comunidade autónoma.



- i) Causas e procedementos para a súa actualización continua.
2. O contido dos programas coordinados de actuación poderá, así mesmo, referirse á execución de infraestruturas básicas, instalacións produtivas, industriais ou agrícolas, equipamentos e vivendas."
-

Emenda nº98, de Adición. Artigo 50

Débase crear un novo artigo 50 quater, que terá o seguinte contido:

"Artigo 50 quater. Carácter

1. Os programas coordinados de actuación, polo seu carácter de instrumento de programación plurianual, constituirán referencia para a actuación das administracións e dos organismos públicos aos que lles corresponda a execución e xestión das obras e actuacións incluídas neles e, en consecuencia:

- a) Servirán de marco de referencia para a elaboración, polo Consello da Xunta de Galicia, dos proxectos de presupostos da Comunidade Autónoma.
- b) Constituirán a base para o establecemento de convenios e acordos de cooperación coas entidades locais e urbanísticas especiais.
- c) Constituirán, así mesmo, a base para o establecemento de convenios e acordos coa Administración do Estado, en canto ás obras ou actuacións da súa competencia que teñan que se realizaren no ámbito da comunidade Autónoma, así como con outras comunidades autónomas.

2. A formulación destes contidos respectará o ámbito de competencias municipais, tendo en conta a autonomía dos concellos para a xestión dos seus intereses propios."

Emenda nº99, de Adición. Artigo 50

Débase engadir un novo artigo 50 quintus que terá o seguinte contido:

"Artigo 50 quintus. Eficacia.

1. Os programas coordinados de actuación non poderán modificar directamente as determinacións das figuras de



planeamento xeral reguladas na lexislación urbanística nin das directrices de ordenación do territorio.

2. Cando as obras ou actuacións de interese estatal ou que afecten ao conxunto da comunidade ou ámbitos supramunicipais dela previstas nun programa coordinado de actuación esixan unha modificación das determinacións dos plans xerais ou normas complementarias ou subsidiarias de planeamento e plans que os desenvolvan e a dita modificación non fose incorporada como consecuencia da adecuación do planeamento ás directrices de ordenación territorial, procederase, con carácter excepcional e logo de definida a obra ou actuación de que se trate, á adaptación dos ditos plans ao programa coordinado de actuación, nos prazos que nel se sinalen."

Emenda nº100, de Adición. Artigo 50

Débese engadir un novo artigo 50 sextus, que terá o seguinte contido:

"Artigo 50 sextus. Procedemento.

1. A formulación e aprobación dos programas coordinados de actuación axustarase ao seguinte procedemento:

a) Correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta dunha ou varias consellarías, que poderán actuar a instancia dunha entidade local ou urbanística especial ou por propia iniciativa, acordar a formulación dun programa coordinado de actuación.

O acordo, que se deberá publicar no Diario Oficial de Galicia, será motivado, sinalará as causas que o xustifiquen e finalidades que se persigan, determinará a consellería encargada da súa formulación e as consellerías, entidades ou organismos que deben colaborar nela; así como o prazo dentro do cal deberá ser redactado o documento ao que se refire o apartado seguinte.

b) Adoptado o dito acordo e dentro do prazo que nel se sinale, procederase á redacción dun documento previo, no que se expoñan os obxectivos e as propostas básicas que deba desenvolver o programa coordinado de actuación.

c) O documento previo seralles remitido pola consellería encargada da súa elaboración ás corporacións locais afectadas, que, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, deberán remitir os programas de actuación ou actividades que desenvolvan os instrumentos de ordenación xeral, ao tempo que poderán efectuar as propostas de





programación ou observacións e, se é o caso, alternativas que estimen convenientes.

Igualmente, remitiráselles ás corporacións e ao organismos públicos, así como ás empresas prestadoras de servizos públicos que se estime necesario para que, dentro dos dous meses seguintes á súa recepción, acheguen os proxectos ou programas que teñan previsto executar.

d) A consellería que o elaborase acordará, logo diso, a aprobación inicial do programa coordinado de actuación, que será publicado no Boletín Oficial del Estado, no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na Comunidade Autónoma, e someterase aos trámites de información pública e audiencia dos concellos, entidades, corporacións e organismos públicos afectados, polo prazo de dous meses.

e) Á vista do resultado do trámite de información pública e audiencia, procederá á súa aprobación provisional incorporando as modificacións que, se é o caso, procedesen.

f) Logo da aprobación provisional, o programa coordinado de actuación será elevado polo departamento que a outorgase ao Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación definitiva. A aprobación definitiva revestirá a forma de decreto e será obxecto de publicación no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia.

2. Cando circunstancias non previsibles no momento da aprobación dun programa coordinado de actuación requiran a inclusión nel de obras ou actuacións non previstas inicialmente, o Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, dispoñerá a inclusión destas no programa."

Emenda nº101, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 51

No punto 4 deste artigo, débese suprimir o seu parágrafo cuarto que di: "No caso dos proxectos de interese autonómico notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados."

Emenda nº102, ao apartado 10, de Adición. Artigo 51

No punto 10 deste artigo, débese engadir no segundo parágrafo despois de: "... dará traslado destas ..." o seguinte texto: "..., así como da documentación completa que serviu para a súa elaboración, incluídas as alegacións presentadas e a valoración realizada delas ..."



Emenda nº103, ao apartado 10, de Adición. Artigo 51

Débese engadir *in fine* no último parágrafo do punto 10 deste artigo o seguinte texto:

".... . Igual procedemento levarase a cabo no caso de promover modificacións substanciais das Directrices de ordenación do territorio."

Emenda nº104, ao apartado 10 bis), de Adición. Artigo 51

Débese engadir un novo punto 10 bis, que terá o seguinte contido:

"10 bis. Ademais do recollido no punto anterior, a Xunta de Galicia comunicará trimestralmente ao Parlamento de Galicia comunicación sobre a aprobación do resto de instrumentos de ordenación do territorio que esta lei recolle, con indicación das súas principais características."

Emenda nº105, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 53

No punto 2 deste artigo, onde di: "... modificacións terán o carácter de non substanciais. En todo caso, terán este carácter, sempre ...", debe dicir: "... modificacións terán o carácter de substanciais ou non substanciais. En todo caso terán o carácter de non substanciais, sempre ..."

Emenda nº106, de Modificación. Artigo 54

Propónse unha nova redacción para o título deste artigo, que terá o seguinte contido:
"Artigo 54. Procedemento de modificacións dos instrumentos de ordenación do territorio."

Emenda nº107, de Adición. Artigo 54



No punto 1 deste artigo débese engadir *ab initio* o seguinte texto:

1. Para as modificacións substanciais dos instrumentos de ordenación do territorio, seguirase o mesmo procedemento que para a súa aprobación ..."

Emenda nº108, de Modificación. Artigo 57

No punto 1 deste artigo, onde di: "... de ordenación do territorio terán vixencia indefinida ..., debe dicir: "... ordenación do territorio terán a vixencia que se aprobe para cada un deles, sen ..."

Emenda nº109, ao apartado Título I bis), de Adición. Artigo 57

Débese crear un novo Capítulo 1 bis, que terá a seguinte denominación:
"Título I bis. O Instituto de Estudos do Territorio."

Emenda nº110, ao apartado Capítulo 1 bis), de Adición. Artigo 57

Débese crear un novo Capítulo I bis, que terá a seguinte denominación:

"Capítulo I bis. Disposicións xerais."

Emenda nº111, de Adición. Artigo 58

Débese engadir un novo artigo 58 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 bis. Natureza e obxecto

1. De conformidade co disposto na lexislación autonómica en materia de ordenación do territorio ata agora existente, o Instituto de Estudos do Territorio é o organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, o estudo





e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

2. Para o cumprimento dos seus fins o Instituto de Estudos do Territorio dispón de patrimonio propio e goza de personalidade xurídica propia, autonomía funcional e plena capacidade de obrar."

Emenda nº112, de Adición. Artigo 58

Débese engadir un novo artigo 58 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 ter. Funcións

1. As funcións do Instituto de Estudos do Territorio serán as seguintes:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.



- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.
2. As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma."

Emenda nº113, de Adición. Artigo 58

Débase engadir un novo artigo 58 quater, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 quater. Réxime xurídico

1. O Instituto de Estudos do Territorio réxese polo disposto nesta lei e polas normas aplicables aos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica.
2. Os actos do Consello Reitor do Instituto de Estudos do Territorio, ditados en exercicio das súas competencias, poñen fin á vía administrativa.
3. O Instituto de Estudos do Territorio estará adscrito organicamente á consellaría competente en materia de ordenación do territorio."

Emenda nº114, ao apartado Capítulo I ter), de Adición. Artigo 58

Débase crear un novo CAPÍTULO I ter, que terá a seguinte denominación:

"Capítulo I ter. Órganos de Goberno"

Emenda nº115, de Adición. Artigo 58



Débese engadir un novo artigo 58 quintus que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 58 quintus. Órganos
Os órganos de Goberno e Administración do Instituto de Estudos do Territorio son o Consello Reitor e a Dirección."

Emenda nº116, de Adición. Artigo 58

Débese engadir un novo artigo 58 sextus, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 sextus. O Consello Reitor

1. O Consello Reitor está formado por:
 - a) A Presidencia, que será exercida pola persoa titular da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.
 - b) A Vicepresidencia, que lle corresponde á persoa titular do centro directivo competente en materia de sustentabilidade e paisaxe.
 - c) Un mínimo de catro e un máximo de oito vogais, nos que terán representación os concellos, designados na forma que se determine regulamentariamente.
 - d) O director ou a directora do instituto.
 - e) A Secretaría, que será exercida por quen designe o Consello Reitor entre o persoal adscrito ao Instituto de Estudos do Territorio, que poderá intervir nas deliberacións con voz pero sen voto.
2. O Consello Reitor é o órgano superior de dirección do Instituto de Estudos do Territorio, ao que lle corresponden as seguintes funcións:
 - a) Aprobar as directrices de actuación do instituto.
 - b) Aprobar o anteproxecto de orzamento anual de ingresos e gastos.
 - c) Propoñer a estrutura orgánica e o cadro de persoal do instituto.
 - d) Supervisar a actividade do instituto e a xestión do seu director ou directora.
 - e) Aprobar o regulamento de réxime interior do instituto.
 - f) Aqueloutras que regulamentariamente se determinen.
3. O funcionamento do consello rexeráse polo disposto no regulamento de réxime interior e, no non previsto, polo disposto na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común."



Emenda nº117, de Adición. Artigo 58

Débese engadir un novo artigo 58 setimus, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 séptimus. A Dirección

1. A directora ou o director do Instituto de Estudos do Territorio será nomeado por decreto da Xunta de Galicia, a proposta do conselleiro ou conselleira competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
2. Correspóndelle á directora ou ao director do Instituto de Estudos do Territorio:

- a) A representación ordinaria do instituto.
- b) A dirección e o impulso da actividade do instituto.
- c) A execución dos acordos do consello reitor.
- d) A xestión económica do instituto.
- e) A Dirección dos servizos administrativos e a xefatura do persoal do instituto.
- f) O exercicio das competencias que, correspondéndolle ao Instituto de Estudos do Territorio, non se atopen atribuídas legal ou regulamentariamente a outro órgano deste."

Emenda nº118, ao apartado CAPITULO I quater), de Adición.
Artigo 58

Débese engadir un novo CAPÍTULO I quater, que terá a seguinte denominación:

"CAPÍTULO I quater. Do réxime financeiro e do persoal"

Emenda nº119, de Adición. Artigo 58

Débese engadir un novo artigo 58 octavus, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 octavus. Réxime financeiro

1. O Instituto de Estudos do Territorio dispón, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes recursos:



- a) As cantidades que se lle asignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para garantir o funcionamento do instituto.
 - b) As subvencións e outras achegas públicas ou privadas.
 - c) As contraprestacións derivadas dos convenios nos que sexa parte.
 - d) Os rendementos do seu patrimonio.
 - e) Os rendementos percibidos como contraprestación pola prestación de servizos de publicacións e de calquera outro servizo retributivo do instituto.
 - f) Os demais ingresos que poida percibir de acordo coa lexislación vixente.
2. Terán o carácter de patrimonio adscrito os bens que lle adscriba a Comunidade Autónoma."
-

Emenda nº120, de Adición. Artigo 58

Débase engadir un novo artigo 58 nonus, que deberá ter o seguinte contido:

"Artigo 58 nonus. Réxime do persoal

1. Os postos de traballo do Instituto de Estudos do Territorio serán cubertos por persoal en réxime de dereito laboral ou por funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras administracións públicas de acordo co disposto na Lei da función pública de Galicia.
 2. O Instituto de Estudos do Territorio poderá encargar traballos de investigación, estudo e documentación para o mellor cumprimento dos seus fins, con suxeición á Lei de contratos das administracións públicas."
-

Emenda nº121, de Supresión. Disposición adicional terceira

Débase suprimir esta disposición adicional.

Emenda nº122, ao apartado a), de Supresión. Disposición adicional cuarta



Proponse unha modificación na letra a) desta disposición adicional, onde di: "... se localice a maior parte da superficie construída da edificación obxecto do proxecto.", debe dicir: "... se localice a maior parte do investimento previsto realizar obxecto do proxecto."

Emenda nº123, de Supresión. Disposición adicional sexta

Débese suprimir esta disposición adicional.

Emenda nº124, de Modificación. Disposición transitoria segunda

Débese modificar esta disposición transitoria que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición transitoria segunda. Determinacións das Directrices de ordenación do territorio

A Xunta de Galicia no prazo máximo de tres meses dende a entrada en vigor desta lei, aprobará o documento que conteña a nova clasificación das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia en vigor á clasificación recollida no artigo 17 desta lei, ao mesmo tempo valorará a incidencia que esta lei ten sobre delas co obxecto de proceder, no seu caso, a propoñer as modificacións ou conclusións oportunas. O dito informe será trasladado ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e valoración."

Emenda nº125, de Adición. Disposición transitoria segunda

Débese crear unha nova disposición transitoria segunda bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria segunda bis. Dotacións económicas do programa 521A

De cara a poder dar un mellor cumprimento aos obxectivos que nesta lei se recollen, a Xunta de Galicia promoverá un aumento das dotacións económicas incluídas no programa 521A dedicado á ordenación do territorio, que deberán ser incrementadas anualmente, polo menos, nos próximos cinco





anos, nunha porcentaxe como mínimo do dobre que se produza no gasto non financeiro xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº126, ao apartado 1, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débase suprimir o punto 1 desta disposición transitoria.

Emenda nº127, ao apartado 2, de Modificación. Disposición transitoria terceira

No punto 2 deste artigo, *ab initio*, onde di: "Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os ámbitos ...", debe dicir: "Nos ámbitos para os que as Directrices ..."

Emenda nº128, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débase engadir un novo parágrafo nesta disposición derradeira, que terá o seguinte contido:

"No prazo máximo de catro meses a partir da entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de ordenación do territorio, aprobará o Regulamento de funcións, composición e réxime de funcionamento do Consello de Ordenación do Territorio de Galicia recollido no artigo 25-bis desta lei."

Emenda nº129, ao apartado 3, de Adición. Exposición de motivos

No quinto parágrafo da epígrafe III, da exposición de motivos, que empeza por: "No capítulo II recoñécese a competencia administrativa nesta lei", débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "...respectando especialmente a autonomía e as competencias das corporacións locais."



Emenda nº130, ao apartado 4, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir *in fine*, no primeiro parágrafo da IV epígrafe da exposición de motivos as seguintes palabras: "... e os proxectos de interese autonómico."

Emenda nº131, ao apartado 4, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir na IV epígrafe da exposición de motivos o treceavo parágrafo, que comeza por: "Finalmente, os proxectos de interese autonómico configúranse como instrumentos de intervención directa" ata: "... planeamento urbanístico."

Emenda nº132, ao apartado 4, de Supresión. Exposición de motivos

Na IV epígrafe da exposición de motivos débese suprimir o parágrafo catorce, que ten o seguinte contido:

"Dado o seu carácter de instrumento directamente executivo, a lei regula a execución dos proxectos de interese autonómico e a posible subrogación na posición xurídica da persoa ou da entidade promotora privada do ditp proxecto que teña atribuída a súa execución."

Emenda nº133, ao apartado 4, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir *in fine* na IV epígrafe da exposición de motivos un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Finalmente a lei inclúe entre os seus instrumentos de ordenación territorial os programas coordinados de actuación, co obxecto de posibilitar a formulación dun programa plurianual, referido á totalidade do ámbito comunitario ou a algunhas das áreas deste, de carácter sectorial ou intersectorial, integrando as actuacións propostas polas distintas administracións ou organismos públicos que operen no ámbito da Comunidade Autónoma. Igualmente estes



instrumentos posibilitarán o poder determinar, conxuntamente e de acordo co réxime de competencias establecido pola lexislación vixente, as administracións ou os organismos responsables da súa execución e, se é o caso, os criterios para establecer os necesarios acordos ou convenios entre as administracións públicas que deban proceder ó seu desenvolvemento conxunto. Tal modalidade xa estaba presente na lei aprobada no ano 1995, pero a diferenza do acontecido nestes últimos anos deberá, para ser efectiva, ser impulsada dun xeito decisivo singularmente dende a Administración autonómica."

Emenda nº134, ao apartado 4 bis), de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un último parágrafo bis, na IV epígrafe, que terá o seguinte contido:

"De acordo co que xa incluían ás dúas anteriores leis sobre ordenación territorial que esta lei vén a derrogar, se recolle a regulación básica do existente Instituto de Estudos do Territorio, como organismo autónomo de carácter administrativo que ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co obxecto de que este ente manteña o mesmo soporte legal do que está establecido na actualidade."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 02/11/2020 16:17:12



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO
TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000002).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición. Artigo 1

Engadir un novo apartado 1 co seguinte texto:

“1. As medidas de acción territorial deben levarse a cabo de acordo cos diversos instrumentos de planificación e con esta Lei.”

Emenda nº2, ao apartado 2, de Adición. Artigo 1

Engadir un novo apartado 2 co seguinte texto:

“2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia deberá aplicar as medidas necesarias para asegurar e garantir a plena aplicación e efectividade dos instrumentos e procedementos nela establecidos, sen prexuízo do respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.”

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 2

No apartado 1 engadir despois de: “elaboración”, o seguinte texto: “aprobación, execución e seguimento”.

Emenda nº4, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:

“1 bis) A ordenación do territorio é unha función pública non susceptible de transacción, que organiza o uso do territorio de



acordo co interese xeral e a complexidade e diversidade territorial.”

Emenda nº5, ao apartado 1 ter), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado 1 ter) co seguinte texto:
“1 ter) A planificación do territorio debe observar o principio de equidade territorial, procurando fomentar a mellora da calidade de vida das persoas en todo o territorio.”

Emenda nº6, ao apartado 2, de Adición. Artigo 2

Engadir despois de: "orientará", o seguinte texto: "planificará e controlará”.

Emenda nº7, ao apartado 2.b), de Modificación. Artigo 2

No subapartado b) do apartado 2 no segundo parágrafo substituír:

“A estes efectos, procurarase a ocupación, uso e construción sostibles do solo e o desenvolvemento racional e equilibrado das actividades no territorio, garantindo a súa diversidade e óptimo aproveitamento de acordo coa súa aptitude natural e a súa produtividade potencial. Para isto,”

Por: “A estes efectos procurarase localizar os usos alí onde sexan máis eficientes e competitivos, onde xeren menos custes de infraestrutura, de transporte público, de mantemento e conservación, de fragmentación territorial e onde se preserven os valores ambientais e sociais, coa finalidade de comprometer o mínimo posible o futuro dos activos territoriais. Para isto, incorporarse a perspectiva do cambio climático e da transición enerxética dende a fase inicial dos instrumentos da planificación. Ademais,”

Emenda nº8, ao apartado 2.b), de Adición. Artigo 2



No subapartado b) do apartado 2 engadir o seguinte texto ao final: “Asemade, terase en conta a planificación e desenvolvemento de sistemas de mobilidade sustentábeis de baixas emisións”.

Emenda nº9, ao apartado 2.h), de Substitución. Artigo 2

No subapartado h) do apartado 2 substituír o texto actual polo seguinte: "h) A transparencia da información relativa aos instrumentos de planificación, garantindo a publicidade, información e consulta pública tanto nas diferentes fases de tramitación como despois da súa aprobación."

Emenda nº10, ao apartado 2.h) bis), de Adición. Artigo 2

No apartado 2 engadir un novo subapartado h) bis) co seguinte texto:
"h) bis) A participación social e institucional nos procesos de planificación territorial, co obxectivo de favorecer o intercambio de argumentos, a expresión de demandas e a implicación e participación da sociedade na definición e aplicación das políticas públicas, procurando chegar a grandes acordos."

Emenda nº11, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo apartado 2 bis) co seguinte texto:
“A Administración xeral da Comunidade Autónoma orientará a planificación das políticas territoriais polo principio de resiliencia, buscando mellorar a capacidade para anticiparse e adaptarse ante as crises e minimizar os custes e impactos das mesmas, para iso prestará especial atención a avaliar os riscos e corrixir a vulnerabilidade nos sistemas de espazos abertos, de entornos construídos e de infraestruturas.”

Emenda nº12, ao apartado a), de Modificación. Artigo 3



Substituír: “equilibrado” por : “sostible, sen comprometer o principio de resiliencia.”

Emenda nº13, ao apartado a), de Modificación. Artigo 3

Substituír: “a súa conexión cos principais núcleos nacionais e internacionais da actividade, así como a súa integración no espazo nacional europeo.” , por: “ e deseñar e implementar unha estratexia de articulación co exterior, priorizando o desenvolvemento do potencial xeoestratéxico de Galiza no Eixo Atlántico e na Eurorexión, no noroeste peninsular e no arco atlántico europeo.”

Emenda nº14, ao apartado c), de Modificación. Artigo 3

Substituír: "coordine", por: "subordine".

Emenda nº15, ao apartado e), de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto actual polo seguinte: “A adecuación e planificación das infraestruturas de mobilidade, de distribución de enerxía e auga e as relativas ás tecnoloxías da información e a comunicación, así como dos equipamentos que prestan servizos públicos, definindo criterios de localización e características funcionais, que garantan unha maior equidade territorial, que minimicen o consumo de solo e de recursos e que favorezan un modelo de mobilidade sostible.”

Emenda nº16, ao apartado f), de Modificación. Artigo 3

Substituír: "racional utilización", por: "preservación".



Emenda nº17, ao apartado f), de Modificación. Artigo 3

Substituír: “Asemade, a planificación da ordenación territorial, a explotación e o aproveitamento racionais dos recursos agrarios, forestais, mineiros, extractivos e enerxéticos, mediante fórmulas compatibles coa preservación e mellora do medio ambiente.”

Por: “Avaliar os custes e riscos dos distintos modelos de explotación e aproveitamento dos recursos agrarios, forestais, mineiros, extractivos e enerxéticos, co obxectivo de fixar na planificación da ordenación territorial criterios, recomendacións ou normas de explotación que se guíen polo principio de resiliencia ambiental, social e económica, a curto, medio e longo prazo.”

Emenda nº18, ao apartado f), de Adición. Artigo 3

Engadir despois de: “no referente” e antes de “ao litoral”, o seguinte: “aos solos”.

Emenda nº19, ao apartado h), de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto actual polo seguinte:

“Identificar as áreas territoriais que, polo seus recursos agrícolas, forestais, enerxéticos ou mineiros, xa sexan actuais ou potenciais, deban ser obxecto de programas que fomenten un uso racional e sostible mediante criterios de explotación, normas e limitacións, así como daquelas áreas que pola súa riqueza natural ou cultural deban ser obxecto de especial protección e preservación; coordinando, planificando e executando as accións baixo a fórmula de colaboración e cooperación coas distintas Administracións Públicas.”



Emenda nº20, ao apartado i), de Modificación. Artigo 3

Substituír “de conformidade co disposto no artigo 7”, por: “de conformidade co disposto na lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia e na normativa que a desenvolve”.

Emenda nº21, ao apartado j), de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto actual polo seguinte: “A preservación do patrimonio natural de Galicia impulsando todas as medidas necesarias para mellorar o estado de conservación dos hábitats, especies e/ou xeodiversidade, co fin de impedir a súa destrución, deterioro ou transformación, prestando especial atención ás categorías de espazos naturais protexidos, velando e garantindo a protección dos valores que motivaron a súa declaración, de acordo ca normativa específica, e impulsando a inclusión de novos espazos naturais protexidos.”

Emenda nº22, ao apartado m), de Adición. Artigo 3

Engadir despois de: “para a conectividade” e antes de “e a restauración”, o seguinte: “territorial entre os diferentes elementos constitutivos da infraestrutura verde, con especial referencia aos cauces fluviais e ás súas ribeiras, aos humidais, así como aos demais corredores ecolóxicos”.

Emenda nº23, ao apartado o), de Modificación. Artigo 3

Substituír: “participación da cidadanía”, por: “participación das mulleres”.

Emenda nº24, ao apartado o) bis), de Adición. Artigo 3





Engadir novo apartado o) bis) co seguinte texto:

"o) bis): "A protección das áreas agrícolas que pola súa elevada capacidade agrolóxica, pola súa funcionalidade a respecto dos riscos do territorio, por configurar unha paisaxe cultural identitaria ou por ser zonas produtoras de proximidade ou excelencia, sexan adecuadas para a súa incorporación á infraestrutura verde."

Emenda nº25, ao apartado o) ter), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado o) ter) co seguinte texto:

"o) ter) A preservación e ordenación dos recursos hídricos, no marco dunha xestión integral e racional da auga."

Emenda nº26, ao apartado o) quater), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado o) quáter) co seguinte texto:

"o) quater) Fomentar unha maior integración de indicadores e variables socioeconómicas e a súa concreción espacial na toma de decisións territoriais, co obxectivo de establecer criterios de actuación e estratexias que teñan en conta a mellora das condicións de vida de forma equitativa e xeral da cidadanía."

Emenda nº27, ao apartado o) quinquies), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo apartado o) quinquies) co seguinte texto:

"Moderar e racionalizar o consumo de solo, priorizando a renovación e a rehabilitación, evitando a difusión da urbanización e procurando preservar e manter o parque construído, sen prexuízo doutros criterios como o paisaxístico, o ambiental, o social ou o cultural."

Emenda nº28, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:



“1 bis) O desenvolvemento sostible comporta asumir que o solo é un recurso limitado, finito e non reproducíbel e que por tanto esixe establecer límites na ocupación e usos do solo co fin de garantir a calidade de vida das xeracións presentes e futuras.”

Emenda nº29, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado 3 bis) co seguinte texto:
"2 bis) As Directrices de ordenación do territorio poderán elaborar propostas para a creación de novos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais.”

Emenda nº30, de Modificación. Artigo 5

Substituír: “a dispersión da urbanización e das edificacións no territorio”, por: “a difusión da urbanización e a fragmentación urbana”.

Emenda nº31, de Adición. Artigo 5

Engadir despois de: “desenvolvementos existentes,” e antes de “favorecendo a cohesión”, o seguinte texto: “e a planificación e desenvolvemento dunha estrutura territorial articulada a través dunha rede policéntrica que se reproduza en diferentes escalas”.

Emenda nº32, de Adición. Artigo 5

Engadir despois de: “solo urbano”, e antes de: “, atendendo á preservación”, o seguinte texto: “e dos núcleos de asentamento tradicionais de Galicia”.



Emenda nº33, de Modificación. Artigo 6

Substituír o título actual por: "A cohesión social e económica".

Emenda nº34, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Engadir ao final do apartado 1 o seguinte texto: "Asemade, fomentará o comercio e a produción de proximidade como mecanismos de cohesión, dinamismo e desenvolvemento económico sostible".

Emenda nº35, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 6

Substituír: "Neste senso, a ordenación do territorio terá en conta o impacto dos roles de xénero no uso diferenciado do territorio por mulleres e homes.", por: "Neste senso a ordenación do territorio debe facilitar, garantir e mellorar a accesibilidade universal aos servizos públicos e aos dereitos cidadáns, como o dereito á vivenda, ao emprego, á mobilidade ou a un entorno saudable, en todo o territorio galego."

Emenda nº36, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 6

Substituír: "un equilibrio", por: "unha cohesión e equidade".

Emenda nº37, de Adición. Artigo 6 bis)

Engadir un novo artigo 6 bis) co seguinte texto:

"A perspectiva de xénero.

1. As políticas e os plans en materia de ordenación do territorio deben incluír medidas tendentes a facer efectivo o principio de igualdade entre as persoas. Neste sentido, a ordenación do



territorio terá en conta o impacto dos roles de xénero, do traballo non remunerado e da división sexual do traballo no uso diferenciado do territorio por mulleres e homes."

2. Os instrumentos de ordenación do territorio deben incluír a perspectiva de xénero tanto na súa fase de diagnóstico como na da elaboración dos plans, así como na avaliación do impacto dos programas e plans, para tal fin a consellería competente debe facilitar o acceso á formación en cuestión de xénero para o persoal técnico e político.

3. A consellería competente en materia de ordenación do territorio debe favorecer e promover a obtención de datos segregados por sexos en materias e temáticas vinculadas á ordenación do territorio, así como elaborar estudos específicos das desigualdades por xénero e elaborar propostas de medidas correctoras.

4. A perspectiva de xénero na ordenación do territorio ten como obxectivos específicos:

a) Planificar os diferentes usos relacionados coa vida cotiá, de forma que se reduzan as necesidades de realizar desprazamentos rodados ou se acorten os seus tempos na medida do posible.

b) Promover cidades e vilas complexas e de proximidade, ben equipadas e seguras, e ben conectadas a través de transporte público con outras partes do territorio.

c) Potenciar a función social dos espazos públicos, fomentando o seu dinamismo e seguridade.

d) Introducir a perspectiva de xénero na planificación e xestión do transporte, de forma que se teñan en conta as pautas de mobilidade, o modo de viaxar e os horarios, dos desprazamentos das mulleres.

e) Promover a mobilidade dos coidados, asegurando que os desprazamentos relacionados cos coidados se poden facer no menor tempo posible, con franxas horarias suficientes e cun custe asumible.

f) Promover o acceso á vivenda ás mulleres, especialmente aquelas con maiores dificultades como as familias monomarentais ou as vítimas de violencia de xénero.

g) Visibilizar o traballo das mulleres na actividade agraria e o seu papel no medio rural.

5. As Directrices de Ordenación do Territorio deberán determinar accións estratéxicas específicas e con carácter transversal que dean resposta, como mínimo, ao conxunto de obxectivos específicos sinalados no punto anterior.

6. A Consellería deberá dar difusión tanto interna como externa a todos os axentes relevantes, a través de encontros públicos e publicacións e fomentando e visibilizando boas prácticas."



Emenda nº38, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

Substituír: “en atención ao seu carácter de”, por: “como o resultado da interacción entre a xente e o seu ambiente, incluíndo as formas de vida, prácticas e coñecementos específicos e concretos que desta se derivan e que supoñen un grande valor como elementos de identidade, cohesión social e calidade de vida, ademais dun”.

Emenda nº39, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:
“1 bis) Os instrumentos de ordenación deberán preservar e protexer a paisaxe e o dereito da poboación a vivir nun entorno cultural, social e ambientalmente significativo, ademais de promover a responsabilidade colectiva de protexer este ben común.”

Emenda nº40, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 2 bis) co seguinte texto:
“2 bis) Promoverase un desenvolvemento harmonizado, integrado e complementario das Directrices de ordenación do territorio e das Directrices da paisaxe.”

Emenda nº41, de Substitución. Artigo 8

Substituír o texto actual do Artigo 8 por:
“1. Os instrumentos de ordenación do territorio prestarán especial atención aos núcleos de asentamento que teñen a súa raíz na organización agraria e que ao longo das últimas décadas perderan poboación de forma significativa.
2.Os instrumentos terán como obxectivo asegurar a permanencia no territorio da súa poboación e das xeracións futuras, contribuíndo a dar resposta ás necesidades da



veciñanza, especialmente a mellora do acceso aos servizos, dotacións e equipamentos e á creación de emprego estable, procurando unha ordenación nas que se desenvolvan de forma harmónica os usos residenciais e aquelas actividades que fagan un uso racional dos recursos naturais.

3.Os instrumentos de ordenación do territorio terán en conta as formas territoriais históricas do territorio galego, procurando estratexias que preserven e manteñan a coherencia coas mesmas, asumindo a identidade territorial como factor positivo de referencia, de creación, de respecto e de innovación.”

Emenda nº42, de Modificación. Artigo 8

Substituír o título do Artigo 8 por: “Os asentamentos de organización agraria de Galiza”.

Emenda nº43, ao apartado 2, de Adición. Artigo 9

Engadir o seguinte texto ao final: “A Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas tramitarase e aprobarase como Plan Territorial Especial”.

Emenda nº44, ao apartado 4.h) bis), de Adición. Artigo 9

Engadir unha nova letra h) bis) co seguinte texto: “Incorporar e fortacer os obxetivos de soberanía alimentaria e independencia enerxética co fin de mellorar a sostenibilidade territorial.”

Emenda nº45, ao apartado 4.h) ter), de Adición. Artigo 9



Engadir unha nova letra h) ter) co seguinte texto: “Definir e identificar os servizos ecosistémicos.”

Emenda nº46, de Supresión. Artigo 10

Suprimir: “promovendo con estas a participación da iniciativa privada”.

Emenda nº47, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 13

Substituír: “e tramitación dos instrumentos de ordenación do territorio, nomeadamente, mediante a formulación de alegacións durante o período de información pública ao que preceptivamente deban ser aqueles sometidos”, por: “, tramitación e control dos instrumentos de ordenación do territorio.”

Emenda nº48, de Adición. Artigo 13 bis)

Engadir un novo Artigo 13 bis) co seguinte texto:
“13 bis) Mecanismos de participación cidadá.

1. Para facilitar a expresión da cidadanía na fase de redacción dos instrumentos de ordenación territorial, sempre con anterioridade á elaboración do borrador definitivo, a Administración Pública de Galicia fomentará os procesos de participación cidadá que permitan o intercambio de ideas, o diálogo e a reflexión colectiva. Será obrigatoria a convocatoria de procesos de participación cidadá na elaboración dos seguintes instrumentos:

- a) Directrices de Ordenación do Territorio
- b) Plans Territoriais Integrados e Especiais
- c) Plans con incidencia na planificación territorial.

2. Durante o período de información pública obrigatorio, poderán formularse alegacións.



3.Unha vez aprobados os instrumentos e co obxectivo de garantir o control da cidadanía, as autoridades públicas competentes deben actuar con transparencia procurando establecer para tal fin mecanismos para a rendición de contas.”

Emenda nº49, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

Engadir o seguinte texto ao final: “A identidade das persoas privadas que interveñen nos procedementos tamén debe formar parte desta información.”

Emenda nº50, ao apartado 1.c) bis), de Adición. Artigo 16

Engadir un novo subapartado 1.c)bis) co seguinte texto: “c)bis) Plans con incidencia na planificación territorial.”

Emenda nº51, ao apartado 3, de Adición. Artigo 16

Engadir o seguinte texto ao final: “A identidade e a titulación dos distintos profesionais que interveñen na redacción dos instrumentos de ordenación do territorio deben constar nos documentos que elaboren.”

Emenda nº52, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Engadir despois de: “para o solo rústico”, e antes de: “.”, o seguinte texto: “, sempre e cando as actuacións previstas sexan de interese público ou social, se garante unha correcta integración ambiental e paisaxística, se asegure a permeabilidade e estabilidade do solo e se demostre a funcionalidade urbanística no entorno de influencia.”



Emenda nº53, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 19

Engadir o seguinte texto ao final: “así como de todos aqueles espazos naturais protexidos e ás infraestruturas verdes.”

Emenda nº54, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 19

No Artigo 19 suprimir o apartado 2.

Emenda nº55, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

No Artigo 19 suprimir o apartado 3.

Emenda nº56, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 20

Substituír: “son o instrumento expresivo dos”, por: “son o instrumento de ordenación estrutural que serve para proxectar, dirixir e coordinar os”.

Emenda nº57, ao apartado 3.a), de Substitución. Artigo 20

Substituír o texto actual do subapartado a) do apartado 3 polo seguinte:

“a) Formular, con carácter global e interrelacionado, o conxunto de criterios e normas que permitan orientar e regular os procesos de asentamento no territorio, a localización de infraestruturas, equipamentos e servizos de carácter supramunicipal, a mellora do uso e aproveitamento dos recursos naturais, así como daquelas actuacións territoriais que fomenten o benestar do país, dentro do necesario respecto ás competencias das distintas Administracións Públicas.”



Emenda nº58, ao apartado 3.b) bis), de Adición. Artigo 20

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

“b) bis) Definir os ámbitos supramunicipais e subrexionais, preferentemente de tipo metropolitano e comarcal, en que se divide e articula o conxunto do territorio galego e determinar os obxectivos territoriais xerais para cada un deles, que deberán ser desenvolvidos mediante Plans Territoriais Integrados asignados a cada ámbito e o tempo máximo para que sexan formulados”.

Emenda nº59, ao apartado 3.d), de Substitución. Artigo 20

Substituír o texto actual polo seguinte:

“d) Analizar e diagnosticar as oportunidades e problemas estruturais e, en base a estes, definir e identificar os obxectivos específicos a alcanzar de acordo cos fins e obxectivos fundamentais xerais recollidos no artigo 3, propondo accións concretas a desenvolver durante a vixencia do plan.”

Emenda nº60, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 21

Engadir ao final do texto: “, os horizontes temporais para o seu desenvolvemento e os indicadores para o seguimento, avaliación e control dos mesmos.”

Emenda nº61, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 21

Engadir despois de: “etnográficas, produtivas,” e antes de “paisaxísticas”, o seguinte texto: “patrimoniais”.



Emenda nº62, ao apartado 1.j), de Substitución. Artigo 21

Substituír o texto actual polo seguinte:

“j) Delimitación dos ámbitos supramunicipais e subrexionais, preferentemente de tipo metropolitano e comarcal, en que se divide e articula a totalidade do territorio galego e, en relación con estes, determinación do conxunto de concellos completos e contiguos que conforman cada ámbito, que deberá ser desenvolvido mediante cadanseu Plan Territorial Integrado. A totalidade dos Plans Territoriais Integrados deberán ficar aprobados definitivamente nun prazo máximo de dez anos dende a aprobación das determinacións que fixen os ámbitos de aplicación. As Directrices de ordenación do territorio incluírán tamén os obxetivos xerais específicos para cada un dos ámbitos definidos.”

Emenda nº63, ao apartado 1.o) bis), de Adición. Artigo 21

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

“o) bis) A estimación económica das accións comprendidas nas determinacións e as prioridades de execución das mesmas.”

Emenda nº64, ao apartado 1.o) ter), de Adición. Artigo 21

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

“o) ter) Informe transversal que identifique as prioridades para a integración da perspectiva de xénero na planificación do territorio e que estableza criterios e medidas para integrar a perspectiva de xénero e fomentar a participación das mulleres, incluíndo indicadores para o seguimento e avaliación das mesmas.”

Emenda nº65, ao apartado 1.o) quater), de Adición. Artigo 21



Engadir unha nova letra co seguinte texto:

"o) quater) Establecemento de estratexias e criterios de intervención nos núcleos de asentamento de base agraria para fixar poboación, responder ás demandas dos seus habitantes e garantir a conservación dos núcleos de asentamento."

Emenda nº66, ao apartado 1.o) quinquies), de Adición. Artigo 21

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

"o) quinquies. Fixación de criterios para determinar os núcleos que polo seu valor como elemento estrutural no territorio, polo seus valores sociais, históricos, ambientais, arquitectónicos, deban ser obxecto de medidas específicas de fomento de rexeneración, rehabilitación ou renovación, limitando desta forma a discrecionalidade administrativa."

Emenda nº67, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 22

Substituír o texto actual polo seguinte:

"a) Unha memoria xeral na que se identifiquen e expliquen os obxectivos, as fortalezas, debilidades e conflitos territoriais, no que se definan as estratexias e accións a promover, así como as medidas, criterios e opcións contempladas. A memoria xeral debe desenvolverse valéndose da memoria social como marco de referencia e empregando as necesidades detectadas nesta como xustificación da idoneidade e prioridade dos obxectivos que se establecen."

Emenda nº68, ao apartado 1.a) bis), de Adición. Artigo 22

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

"1. a) bis) Unha memoria social que describa os intereses públicos que persigue a planificación, no que se avalíen as necesidades da poboación en materia de acceso aos servizos públicos, acceso á vivenda, acceso a un emprego estable e de acceso ao dereito a habitar nun entorno saudable."



Emenda nº69, ao apartado 1.e) bis), de Adición. Artigo 22

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

“e) bis) Cartografía da análise territorial e do modelo proposto onde se inclúan as determinacións gráficas normativas para ser visualizadas nos visores que determine a Consellería competente.”

Emenda nº70, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 23

Engadir un novo punto 3.bis) co seguinte texto:

“3 bis) A consellería competente en materia de ordenación impulsará un proceso participativo previo ao borrador definitivo que constará como mínimo dun proceso de debate aberto cos distintos axentes, do que se dará conta mediante a elaboración dunha memoria.”

Emenda nº71, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 24

Engadir unha nova letra co seguinte texto:

“1. a) bis) Unha memoria social que describa os intereses públicos que persigue a planificación, no que se avalíen as necesidades da poboación en materia de acceso aos servizos públicos, acceso á vivenda, acceso a un emprego estable e de acceso ao dereito a habitar nun entorno saudable.”

Emenda nº72, de Modificación. Artigo 25

Substituír o título actual polo seguinte: “Seguimento e control parlamentario das Directrices de ordenación do territorio”

Emenda nº73, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 25





Substituír: “cada tres anos” por “cada ano”.

Emenda nº74, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 25

Engadir un novo apartado 2 bis) co seguinte texto:
"2 bis) As Directrices do ordenación do territorio serán aprobadas polo Parlamento de Galiza."

Emenda nº75, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26

Engadir despois de: “xeográficas supramunicipais”, e antes de:
“que, ben por presentar”, o seguinte texto: “dun conxunto de termos municipais completos e contiguos”.

Emenda nº76, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 26

Engadir un novo apartado 2 bis) co seguinte texto:
“2 bis) No prazo máximo de catro anos tras a aprobación das Directrices de Ordenación do territorio, dará inicio a formulación dos Plans Territoriais Integrados que estas determinen para o conxunto do territorio galego e no prazo máximo de 10 anos o conxunto do territorio deberá contar cun Plan Territorial Integrado aprobado.”

Emenda nº77, ao apartado 5.a) bis), de Adición. Artigo 26

Engadir unha nova letra 5 a)bis) co seguinte texto:
“5 a) bis) Identificar as oportunidade de actuación en base ás necesidades sociais e os recursos endóxenos e establecer os obxectivos territoriais a alcanzar e as propostas a desenvolver.”





Emenda nº78, ao apartado r) bis), de Adición. Artigo 27

Engadir un novo apartado r) bis) co seguinte texto:
"r) bis). Os criterios e mecanismos para favorecer a participación social e para integrar a perspectiva de xénero."

Emenda nº79, ao apartado a bis), de Adición. Artigo 28

Engadir unha nova letra a) bis) co seguinte texto:
"1.a) bis) Unha memoria social que describa os intereses públicos que persigue o Plan, no que se avalíen as necesidades da poboación en materia de acceso aos servizos públicos, acceso á vivenda, á mobilidade sostible, acceso a un emprego estable e de acceso ao dereito a habitar nun entorno saudable e que servirán como marco de referencia para a xustificación da memoria descritiva."

Emenda nº80, ao apartado d) bis), de Adición. Artigo 28

Engadir unha nova letra d) bis) co seguinte texto:
"d)bis) Cartografía do modelo proposto onde se inclúan unha correcta representación gráfica das características físicas dos terreos, os usos e as normativas para ser visualizadas nos visores que determine a Consellería competente."

Emenda nº81, ao apartado i) bis), de Adición. Artigo 28

Engadir unha nova letra i) bis) co seguinte texto:
"i) bis) Informe de avaliación das desigualdades de xénero no uso do espazo e proposta de directrices e actuacións para a integración da perspectiva de xénero, incluíndo indicadores para o seu seguimento."

Emenda nº82, de Adición. Artigo 28 bis)



Engadir un novo artigo 28 bis) co seguinte texto:

“28 bis) Iniciación do procedemento de aprobacións dos Plans Territoriais Integrados

1. Corresponde ao Consello da Xunta acordar a formulación dos Plans Territoriais Integrados a proposta da Consellería competente en materia de ordenación do territorio, nun prazo máximo de catro anos dende a aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio.
2. Previa á proposta, a Consellería competente na materia, dará audiencia ás Corporacións Locais afectadas polo Plan.
3. O acordo do Consello da Xunta establecerá o procedemento e prazos para a súa elaboración.
4. Establecerase unha Comisión de Elaboración na que poderán participar os distintos Concellos afectados.
5. Previo ao borrador definitivo establecerase un proceso de debate aberto cos distintos axentes, do que se dará conta mediante a elaboración dunha memoria.
6. Redactado o borrador do Plan, se someterá ao procedemento de aprobación que se estipula no artigo 51.”

Emenda nº83, de Adición. Artigo 28 ter)

Engadir un novo artigo 28 ter) co seguinte texto:

“28 ter) Colaboración e cooperación entre administracións

1. Co obxectivo de establecer mecanismos de colaboración, cooperación e interacción entre a Administración autonómica e aqueles concellos que formen parte dun mesmo proxecto territorial integrado, cada plan territorial integral levará asociado a creación de entes estables de colaboración nos que participen todas as administracións públicas e na que, ademais, se poderán acordar a participación de axentes sociais relevantes para ese territorio.
2. A aprobación definitiva dun plan territorial integrado deberá ir vinculado á constitución do ente definido no punto anterior, que poderá definir posteriormente o seu funcionamento e obxectivos na procura dunha boa gobernanza.”

Emenda nº84, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29





Engadir despois de: “produtivas”, e antes de: “paisaxísticas”, o seguinte texto: “patrimoniais,”

Emenda nº85, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

Engadir despois de: “ecolóxicas diferenciadas“, e antes de: “, que esixan unha consideración” o seguinte texto: “ou que presenten unha situación de vulnerabilidade ecolóxica ou de risco catastrófico comúns”.

Emenda nº86, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 29

Engadir un novo punto co seguinte texto:
“1 bis) Formularanse como Plans Territoriais Especiais o Plan da Infraestrutura Verde e O Plan de Ordenación do Monte para a protección fronte aos grandes incendios forestais, nun prazo máximo de tres anos.”

Emenda nº87, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 30

Engadir despois de: “valores naturais” e antes de: “e potencialidades”, o seguinte texto: “ ou patrimoniais”.

Emenda nº88, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 30

Engadir despois de: “recursos naturais” e antes de: “.”, o seguinte texto: “ ou cun valor patrimonial”.

Emenda nº89, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 30



Engadir despois de: “recursos naturais” e antes de: “e definición”, o seguinte texto: “ou cun valor patrimonial”.

Emenda nº90, ao apartado 2.a) bis), de Adición. Artigo 30

Engadir unha nova letra 2.a) bis) co seguinte texto:
“2.a) bis) Unha memoria social que describa os intereses públicos que persigue o Plan que servirá como referencia para a xustificación da memoria descritiva.”

Emenda nº91, ao apartado 2.f) bis), de Adición. Artigo 30

Engadir unha nova letra 2.f) bis) co seguinte texto:
“2.f) bis) Síntese e conclusión do proceso participativo.”

Emenda nº92, ao apartado 2.f) ter), de Adición. Artigo 30

Engadir unha nova letra 2.f) ter) co seguinte texto:
“2.f) ter) Plan de seguimento.”

Emenda nº93, ao apartado 2.f) quater), de Adición. Artigo 30

Engadir unha nova letra 2.f) quater) co seguinte texto:
“2.f) quater) Informe para a integración da perspectiva de xénero.”

Emenda nº94, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 32

Substituír o texto actual polo seguinte:
“1. Os plans sectoriais son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto establecer patróns de





localización para a implantación territorial das actividades sectoriais, tendo un carácter preparatorio dos plans territoriais. Os plans sectoriais analizarán os patróns de localización do sector e definirán criterios de deseño e as características funcionais e de localización que garantan a súa accesibilidade, un uso sostible dos recursos e unha coherente distribución territorial, procurando a equidade, excelencia e cualificación do territorio.“

Emenda nº95, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 32

Substituír o texto actual polo seguinte:

“2. Aos efectos do sinalado no número anterior, poderán formularse plans sectoriais referidos aos seguintes ámbitos ou sectores:

- a) Actividades loxísticas
 - b) Creación e desenvolvemento de solo empresarial
 - c) Actividades económicas, agroforestais e turísticas
 - d) Actividades extractivas
 - e) Actuacións de reconversión de sectores económicos
 - f) Áreas de excelencia baseadas na ciencia e a tecnoloxía.”
-

Emenda nº96, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 32

Engadir un novo punto 4.bis) co seguinte texto:

“4. bis) Os plans sectoriais deberán cumprir as determinacións da Directrices de ordenación do territorio.”

Emenda nº97, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 32

Suprimir o apartado 5.

Emenda nº98, ao apartado 6.a), de Adición. Artigo 32





Engadir despois de: “instrumento técnico de apoio” e antes de:
“para a a expresión”, o seguinte texto: “e de carácter
preparatorio para os plans territoriais,”

Emenda nº99, ao apartado 6.b), de Supresión. Artigo 32

Suprimir a letra 6.b).

Emenda nº100, ao apartado 6.c), de Modificación. Artigo 32

Substituír: “Concretar e completar”, por: “Propor de forma
específica”.

Emenda nº101, ao apartado 6.d), de Modificación. Artigo 32

Substituír: “Establecer”, por: “Propor de forma específica”.

Emenda nº102, de Modificación. Artigo 33

Substituír “Os plans sectoriais conterán as seguintes
determinacións”, por: “Os plans sectoriais conterán as
seguintes directrices estratéxicas:”

Emenda nº103, ao apartado h), de Supresión. Artigo 33

Suprimir a letra h).



Emenda nº104, ao apartado j), de Supresión. Artigo 33

Suprimir a letra j).

Emenda nº105, ao apartado p) bis), de Adición. Artigo 33

Engadir unha nova letra p) bis) co seguinte texto:

“p) bis) Informe para a integración da perspectiva de xénero.”

Emenda nº106, ao apartado b), de Supresión. Artigo 34

Suprimir a letra b).

Emenda nº107, ao apartado e), de Supresión. Artigo 34

Suprimir a letra e).

Emenda nº108, de Substitución. Artigo 35

Substituír o texto do Artigo 35 polo seguinte:

“Os plans sectoriais terán, en todo caso, carácter preparatorio dos Plans Territoriais Integrados e dos Plans Territoriais Especiais. As directrices estratéxicas incluídas nos plans sectoriais avaliaranse e poderán ser incorporados nos procesos de redacción ou revisión de ditos plans.”

Emenda nº109, de Supresión. Artigo 36

Suprimir o Artigo 36.



Emenda nº110, de Adición. Artigo 36 bis)

Engadir un novo artigo 36 bis) co seguinte texto:

“Artigo 36 bis) Plans con incidencia na planificación territorial

1. Os Plans con incidencia na planificación territorial son instrumentos que desenvolven, en ámbitos territoriais concretos ou no conxunto do territorio galego, os obxectivos, principios e criterios das Directrices de ordenación do territorio correspondentes a un ou máis dos seguintes ámbitos de actuación en materia de infraestruturas, equipamentos e servizos no ámbito do territorio galego:

- a) Planificación da rede de infraestruturas viarias de interese xeral do Estado, de ámbito rexional ou subrexional.
- b) Planificación dos portos de interese xeral do Estado, de ámbito rexional ou subrexional.
- c) Planificación da rede ferroviaria.
- d) Planificación dos aeroportos.
- e) Planificación do transporte público e a mobilidade sostible.
- f) Planificación dos centros de actividade loxísticos de transporte e mercadorías.
- g) Planificación hidrolóxica.
- h) Planificación de infraestruturas de adución e depuración de augas
- i) Planificación de infraestruturas enerxéticas
- j) Planificación de infraestruturas e equipamentos para a xestión de residuos.
- k) Planificación de equipamentos educativos, deportivos, sanitarios, servizos sociais e servizos públicos.
- l) Planificación en materia de vivenda, parque construído ou rehabilitación.

2. Os plans con incidencia na planificación territorial só poderán ser promovidos pola iniciativa pública, entendendo por tal as administracións e entidades descritas no artigo 26.4.

3. Son función dos plans con incidencia na planificación territorial:

- a) A planificación das infraestruturas, equipamentos e servizos descritos no número 1, completando e concretando os obxectivos, principios, criterios e propostas das directrices de ordenación de territorio.
- b) Establecer os obxectivos, principios e criterios territoriais para as actuacións supramunicipais en materia de infraestruturas, equipamentos e servizos que serán de aplicación para os plans territoriais integrados.





c) Propor acción, proxectos, directrices e fórmulas de actuación territorial que contribúan á equidade territorial, á cohesión social e a un desenvolvemento territorial sostible.

4. Os plans con incidencia territorial incluírán:

a) A xustificación da súa necesidade asentada sobre unha memoria social e definición do ámbito espacial.

b) A expresión territorial da análise e diagnóstico do sector.

c) Os obxectivos territoriais a alcanzar de acordo coas necesidades específicas e de forma xustificada cos criterios das directrices de ordenación do territorio.

d) Definición das determinacións que deben incluír os plans territoriais integrados, definindo o seu grao de vinculación.

e) Proposta de medidas e proxectos concretos que contribúan á consecución dos obxectivos fixados.

f) Supostos de modificación e normas para o seu seguimento.

5. Os plans con incidencia na planificación territorial serán vinculantes para os plans territoriais integrados.

6. Os plans con incidencia na planificación territorial poderán desenvolverse por medio de proxectos de interese autonómico.

7. Os órganos da Administración do Estado que no exercicio das súas competencias leven a cabo actuacións ou planificación dalgún dos ámbitos definidos no punto 1, deberán contar con informe aprobatorio emitido pola consellería competente en materia de ordenación do territorio que verifique a súa coherencia coa política de ordenación do territorio de Galiza. En caso de discrepancias entre as Administracións resolverase procurando o común acordo mediante fórmulas de constitución de comisións mixtas, convenios ou outras fórmulas de resolución."

Emenda nº111, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 37

No apartado 1 suprimir o subapartado c).

Emenda nº112, ao apartado 2.c), de Supresión. Artigo 37

No apartado 2 suprimir o subapartado c).





Emenda nº113, ao apartado 3.b), de Supresión. Artigo 37

No apartado 3 suprimir o subapartado b).

Emenda nº114, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 37

Suprimir o apartado 4.

Emenda nº115, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 37

No apartado 5 suprimir o seguinte texto: "ou privada".

Emenda nº116, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 37

Suprimir o apartado 6.

Emenda nº117, de Supresión. Artigo 38

Suprimir o Artigo 38.

Emenda nº118, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o seguinte texto: "ou a solicitude das persoas ou entidades promotoras".

Emenda nº119, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o segundo párrafo.



Emenda nº120, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o seguinte texto: “Tanto no caso de iniciación do procedemento de oficio como a solicitude de persoa interesada”.

Emenda nº121, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 39

Engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:
“1 bis) Os terreos con valores ambientais, culturais, históricos, arqueolóxicos e paisaxísticos que sexan obxecto de protección pola lexislación aplicable, esixirán informe favorable do organismo que ostente competencia sectorial por razón de correlativo valor.”

Emenda nº122, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 41

Substitución do texto do subapartado b) do apartado 1 polo seguinte texto:
“b) Identificación do emprazamento das actuacións obxecto do proxecto, de acordo coa delimitación establecida no correspondente plan con incidencia na planificación territorial.”

Emenda nº123, ao apartado 1.e), de Supresión. Artigo 41

No apartado 1 suprimir o subapartado e).

Emenda nº124, ao apartado 1.k), de Supresión. Artigo 41

No apartado 1 suprimir o subapartado k).



Emenda nº125, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 42

No apartado 1 suprimir o subapartado a).

Emenda nº126, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 42

Suprimir o segundo parágrafo do subapartado b) do apartado 1.

Emenda nº127, ao apartado 1, de Adición. Artigo 43

Engadir o seguinte texto ao final: “Asemade, deberán adaptarse ás Directrices da paisaxe.”

Emenda nº128, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 43

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº129, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 43

Suprimir o apartado 3.

Emenda nº130, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 44

Substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:
"1. O procedemento de aprobación iníciarase por acordo da consellaría competente en materia de ordenación do territorio."



Emenda nº131, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 44

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº132, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 45

Suprimir o apartado 7.

Emenda nº133, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 45

Suprimir o apartado 8.

Emenda nº134, ao apartado 2, de Adición. Artigo 46

Engadir despois de: “no suposto de que” e antes de: “por causa imputable”, o seguinte texto: “os elementos que xustificaron a súa coherencia e oportunidade como actuación de utilidade social e de interese público xa non existan, ou que”.

Emenda nº135, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 48

Engadir un novo apartado 1 bis) co seguinte texto:
“1 bis) Os proxectos deberán contar cun proceso de participación pública previa á elaboración do borrador definitivo e deberán prestar especial atención e diálogo nos casos en que a actuación supoña transformación de emprazamentos habitados.”

Emenda nº136, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 49



Substituír o texto do apartado 1 polo seguinte:

"1. A execución dos proxectos de interese autonómico corresponde á entidade pública promotora que quedará debidamente identificada no decreto de aprobación do proxecto".

Emenda nº137, de Supresión. Artigo 50

Suprimir o Artigo 50.

Emenda nº138, ao apartado 10, de Modificación. Artigo 51

Substituír: "tramitación de acordo co disposto para os plans e programas remitidos pola Xunta no Regulamento do Parlamento de Galicia.", por: "aprobación."

Emenda nº139, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 53

Suprimir o subapartado b) do apartado 1.

Emenda nº140, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 53

Suprimir o apartado 2.

Emenda nº141, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 53

Suprimir o apartado 3.

Emenda nº142, de Supresión. Artigo 54



Suprimir o Artigo 54.

Emenda nº143, de Supresión. Disposición adicional segunda
Suprimir a Disposición adicional segunda.

Emenda nº144, de Supresión. Disposición adicional quinta
Suprimir a Disposición adicional quinta.

Emenda nº145, de Adición. Disposición adicional sexta bis)

Engadir unha nova Disposición adicional co seguinte texto:
"Disposición adicional sexta bis)

No prazo máximo de 2 anos procederase á revisión e
aprobación das Directrices de ordenación do territorio."

Emenda nº146, de Supresión. Disposición derradeira segunda
Suprimir a Disposición derradeira segunda.

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/11/2020 17:31:44

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2020 17:32:20



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000002).

Emenda nº3, de Adición. TÍTULO PRELIMINAR

Debe engadirse un novo Capítulo III bis no Título Preliminar, co seguinte contido:

"Capítulo II bis

O Instituto de Estudos do Territorio

Artigo 14 bis. Natureza da entidade e adscrición

1. O Instituto de Estudos do Territorio é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Estará adscrito organicamente á consellaría competente en materia de ordenación do territorio.

Artigo 14 ter. Obxecto e fins xerais.

1. O Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

2. As funcións do Instituto de Estudos do Territorio serán as seguintes:

a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.

b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.

c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.



- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
 - f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
 - g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
 - h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
 - i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
 - j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
 - k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
 - l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.
3. As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma.

Artigo 14 quater. Réxime xurídico.

1. O Instituto de Estudos do Territorio réxese polo disposto nesta lei, polos seus estatutos e polas normas aplicables aos organismos autónomos dependentes da Administración autonómica.
2. Os actos dos órganos de goberno do Instituto de Estudos do Territorio, ditados en exercicio das súas competencias, poñen fin á vía administrativa."

Emenda nº1, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 3

Debe engadirse un novo apartado c bis) co seguinte contido:

"c bis) Promover o impulso e a dinamización demográfica de Galicia a través do desenvolvemento sustentable e do equilibrio



territorial e social, de xeito que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación"

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 8

Debe substituírse a actual rúbrica e texto do artigo polo seguinte texto:

"Artigo 8. O sistema rural e costeiro non urbano de Galicia

Os instrumentos de ordenación do territorio prestarán unha especial atención ao medio rural e costeiro non urbano de Galicia, co obxectivo de promover o equilibrio territorial e desenvolver medidas de impulso demográfico que aseguren a permanencia no territorio da súa poboación, contribuíndo á viabilidade das actividades económicas que puideran desenvolverse nel que sexan compatibles coa defensa dos seus valores sociais, económicos, culturais e mediomambientais."

Emenda nº4, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 17

Debe substituírse o apartado 4 deste artigo, que pasará a ter o seguinte contido:

"4. Nos supostos previstos nesta lei e con pleno respecto á autonomía municipal, co fin de garantir a eficacia das determinacións contidas nos instrumentos de ordenación do territorio e os principios de celeridade, eficacia, simplificación administrativa e seguridade xurídica, tramitarase simultaneamente mediante un dos procedementos previstos no Capítulo III desta lei, a aprobación do instrumento de ordenación do territorio e a modificación do planeamento urbanístico, nos extremos estritamente afectados polas determinacións do instrumento de ordenación territorial e para garantir a súa efectividade."

Emenda nº5, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 20



Débase substituír o segundo parágrafo do apartado 1, que pasará a ter o seguinte contido:

"No marco desta lei, as directrices de ordenación do territorio son o instrumento que ofrece unha visión global da ordenación territorial de Galicia e que serve de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos, que deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas súas determinacións; así como para as actuacións con incidencia no territorio que desenvolvan as persoas particulares e as administracións públicas, con pleno respecto, neste último caso, ás competencias respectivas."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 21

Na letra d) do apartado 1 debe engadirse, entre "...criterios de desenvolvemento territorial sostible," e "...de accesibilidade universal" o seguinte inciso:

"de impulso demográfico,"

Emenda nº7, ao apartado b), de Adición. Artigo 28

Na letra b) deste artigo deben engadirse 'in fine' dous novos parágrafos co seguinte contido:

"Neste caso, o plan territorial integrado deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que resulten esixibles conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En todo caso, a previsión, polo plan territorial integrado que proceda á clasificación e categorización do solo de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles."



Emenda nº8, ao apartado 2, de Adición. Artigo 30

Na letra b) deste apartado deben engadirse 'in fine' dous novos parágrafos co seguinte contido:

"Neste caso, o plan territorial especial deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que en cada caso resulten esixibles conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En todo caso, a previsión, polo plan territorial especial que proceda á clasificación e categorización do solo de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles."

Emenda nº9, ao apartado h), de Substitución. Artigo 33

Debe substituírse o contido da letra h) deste artigo polo que se indica a continuación:

"h) Delimitación, no seu caso, dos ámbitos territoriais nos que se poderán asentar as actuacións que desenvolvan o plan a través de proxectos de interese autonómico.

A tal efecto, o plan sectorial poderá establecer a clasificación e categorización do solo dos ditos ámbitos delimitados, cando sexa condición mesma para a súa efectividade.

Neste caso, o plan sectorial deberá conter, respecto da clase ou categoría de solo que defina, as determinacións que en cada caso resulten esixibles conforme á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En todo caso, a previsión, polo plan sectorial que proceda á clasificación e categorización do solo, de protección especial para determinados solos ou a modificación da protección especial que estes tivesen recoñecida, esixirá informe favorable do órgano sectorial competente e o cumprimento dos restantes requisitos esixibles."



Emenda nº10, ao apartado 2, de Adición. Artigo 38

No segundo parágrafo da letra c) do apartado 2 debe engadirse, entre "... función vertebradora e estruturantes do territorio;" e "...ou que serven para desenvolver, implantar..." o seguinte inciso:

"de impulso e dinamización demográfica;"

Emenda nº12, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 41

Emenda nº12, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 41

Na letra f) do apartado 1 deste artigo debe suprimirse o inciso "No seu caso".

Emenda nº11, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 41

Debe substituírse o actual texto da letra e) polo seguinte contido:

"e) Incidencia no planeamento municipal vixente no termo ou termos municipais en que se asente a actuación, con indicación das determinacións do dito planeamento que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do proxecto de interese autonómico."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 41

Na letra g) do apartado 1 debe engadirse, entre "...terminación das obras" e "...con determinación, no seu caso..." o seguinte inciso:

"desde a entrada en vigor do proxecto de interese autonómico,"



Emenda nº14, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 42

No ordinal 2º da letra d) do apartado 1 debe suprimirse o inciso "No caso de tramitación simultánea da aprobación do proxecto de interese autonómico e da modificación do planeamento urbanístico,"

Emenda nº15, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 43

Debe suprimirse o apartado 4 deste artigo.

Emenda nº16, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 45

Debe suprimirse o apartado 2 deste artigo.

Emenda nº17, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 46

No apartado 2 deste artigo debe suprimirse o inciso "ou as obras se interrompesen por tempo superior ao autorizado sen causa xustificada".

Emenda nº18, ao apartado 4, de Adición. Artigo 51

No apartado 4 deste artigo debe engadirse, entre "...tendo en conta o estudo ambiental estratéxico e" e "...procederá á súa aprobación inicial," o seguinte inciso:

"a consellería tramitadora"

Emenda nº19, ao apartado 10, de Substitución. Artigo 51



Debe substituírse o actual texto do primeiro parágrafo do apartado 10 polo seguinte contido:

"10. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería tramitadora do procedemento, aprobará definitivamente o instrumento de ordenación do territorio, mediante acordo no caso dos proxectos de interese autonómico e mediante decreto nos demais casos, que deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº20, de Substitución. Disposición adicional quinta

Débese substituír o actual texto do segundo paragrafo desta disposición adicional polo seguinte:

"En todo caso, resultará de aplicación o previsto nesta lei en relación aos seus efectos, vixencia e caducidade, xestión, execución e modificación dos referidos instrumentos de ordenación do territorio, e os demais aspectos que non estean regulados expresamente na Lei 5/2017, do 19 de outubro, e que non resulten incompatibles coa mesma."

Emenda nº21, de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir o inciso ", agás o capítulo III".

Emenda nº22, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Debe substituírse o actual contido da Disposición derradeira segunda polo seguinte:

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia queda modificada como segue:





Un. O artigo 63 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 63. Plans básicos municipais

1. Os plans básicos municipais son os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral. Teñen por obxecto a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos exixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico.

Así mesmo, os plans básicos municipais poderán remitir a ordenación detallada de determinadas áreas a un plan especial aprobado con anterioridade declarándoo subsistente, identificándoo con claridade e indicando a súa data de aprobación e publicación. Neste caso, a modificación das determinacións do dito planeamento seguirá o réxime aplicable á modificación do plan especial.

2. Os plans básicos municipais conterán as seguintes determinacións:

a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes.

Asemade, os plans básicos municipais poderán declarar subsistentes as delimitacións de núcleos rurais aprobadas con anterioridade, incorporando a delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas. Nestes casos e, aos efectos da aplicación do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural e das ordenanzas do Plan básico autonómico, establecerase a correspondencia entre as diferentes áreas das delimitacións incorporadas e os tipos básicos de núcleo rural previstos nesta lei.

b) Delimitación dos terreos que reúnen as condicións para ser clasificados como solo urbano consolidado.

c) Delimitación e categorización do solo rústico.

d) Trazado da rede viaria pública existente e sinalización de aliñacións.

e) As ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no Plan básico autonómico que sexan aplicables.

Xustificadamente, os plans básicos municipais poderán reaxustar as ditas ordenanzas, con base na análise do modelo de asentamento poboacional.

f) Delimitación dos ámbitos de ordenación remitida, no seu caso, identificando con claridade o instrumento e a súa data de aprobación. Neste suposto, a normativa do plan básico municipal recollerá unha ficha para cada ámbito que identifique o documento declarado subsistente.



3. Os plans básicos municipais conterán, como mínimo, os seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa das súas determinacións.
- b) Planos de información.
- c) Planos de ordenación urbanística.
- d) Catálogo de elementos que se deben protexer.
- e) Normativa urbanística. Os plans básicos municipais incorporarán as ordenanzas de edificación e uso, segundo o previsto na letra e) do número 2 deste artigo.
- f) Informe ambiental estratéxico.

4. Os plans básicos municipais terán vixencia indefinida ata que se aprobe o correspondente plan xeral de ordenación municipal».

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 83, que queda redactado como segue:

«5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen prexuízo do previsto na lexislación de ordenación do territorio para o suposto de tramitación simultánea da aprobación do instrumento de ordenación do territorio e da modificación do instrumento de planeamento urbanístico».

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 92, que queda redactado como segue:

«1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e)».

—

Emenda nº25, ao apartado V, de Supresión. Exposición de motivos

Debe suprimirse, no cuarto parágrafo do apartado V da exposición de motivos o inciso "agás o capítulo III relativo á regulación do Instituto de Estudos do Territorio".





Emenda nº26, ao apartado III, de Supresión. Exposición de motivos

Dentro do apartado V da exposición de motivos debe substituírse o actual texto do último parágrafo polo seguinte:

"O texto remata cunha serie de disposicións derradeiras nas que se contemplan, entre outros extremos, modificacións normativas derivadas da necesidade de que todos os instrumentos de ordenación do territorio contén cun informe en materia de paisaxe; ou da necesidade de adaptar a regulación prevista na lexislación urbanística aos cambios derivados da posible tramitación conxunta dos instrumentos de ordenación do territorio e da modificación do planeamento urbanístico que se prevé nesta lei; reaxustes na regulación dos Plans Básicos Municipais, para garantir a efectividade e os fins perseguidos na tramitación destes instrumentos de planeamento urbanístico; así como a eliminación da posibilidade de establecer no planeamento urbanístico previsións que afectan ao réxime xurídico do solo rústico, entendendo que ao tratarse dunha competencia autonómica, toda a regulación deste tipo de solo, debe estar contida directamente na propia lei. Tamén se contemplan outras cuestións como a previsión do seu desenvolvemento regulamentario ou a súa entrada en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº23, ao apartado III, de Substitución. Exposición de motivos

Dentro do apartado III da exposición de motivos debe substituírse o actual texto do segundo parágrafo polo seguinte:

"O título preliminar delimita o obxecto da lei e recoñece os principios e os criterios orientadores así como os fins e os obxectivos que deben presidir a ordenación do territorio. Como eixes fundamentais sobre os que debe pivotar a ordenación territorial recóllense o desenvolvemento territorial sustentable; a racionalidade territorial, que entende o solo como un ben limitado e esgotable; a cohesión social e económica, o impulso





e a dinamización demográfica e a perspectiva de xénero; a necesidade de ter en conta a conectividade e a restauración ecolóxicas e as directrices da Estratexia estatal de infraestruturas verde e da conectividade e restauración ecolóxicas; o coidado da paisaxe como ben de especial interese; e a atención ao sistema rural e costeiro non urbano de Galicia como un conxunto de espazos que desempeñan un papel territorial fundamental para a Comunidade Autónoma."

Emenda nº24, ao apartado III, de Adición. Exposición de motivos


Dentro do apartado III da exposición de motivos debe engadirse un novo parágrafo, entre os actuais quinto e sexto, co seguinte contido:

"O capítulo II bis regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/11/2020 18:13:08





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

